

1.1. Crecemento económico: contornos internacional e estatal

Neste primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2004; neste epígrafe achegarémonos ao crecemento económico do pasado ano nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

1.1.1. Contorno internacional

No ano 2004 o crecemento económico europeo continuou sendo moi baixo, en contraste coa continuación da recuperación da economía estadounidense e co notable e continuado empuxe da economía chinesa (auténtico protagonista e dinamizador fundamental do comercio internacional neste comezo de milenio). A economía mundial segue a padecer a incerteza xeopolítica internacional derivada da difícil situación do Medio Oriente, cunha importante repercusión no prezo do petróleo (agravada por outros factores, como a suba da demanda ao fío da expansión económica de China e da India ou a especulación nos mercados de futuros do cru petrolífero).

Estados Unidos tivo por terceiro ano consecutivo un forte crecemento económico (4%) pero o crecente déficit público e sobre todo o elevadísimo déficit exterior (5,7% do PIB, fronte ao 1,2% do conxunto da OCDE) pesan como grandes lousas sobre esa expansión económica.

A Unión Europea, pola súa banda, completa xa un cuatrienio de moi baixo crecemento económico. Dentro da asimetría da súa evolución económica, a suba do PIB foi especialmente intensa en España, Gran Bretaña e as economías escandinavas, mentres que o estancamento foi especialmente evidente en Alemaña, Italia, Grecia ou Portugal (que no último trimestre do ano mesmo viron decrecer o PIB, e no caso de Portugal entrou nese trimestre en recesión, ao acumular dous trimestres consecutivos con diminución do PIB). Sobrancearemos que a principal potencia económica de Europa (Alemaña), que segue (por cuarto ano consecutivo) moi lonxe do liderazgo expansivo que tivo noutras etapas na economía europea. A importante apreciación do euro respecto do dólar estadounidense no último bienio supuxo un claro freo ás exportacións da “eurozona” e un estímulo ás importacións doutras áreas, anque foi positivo para un maior control da inflación.

Pola súa banda, a economía chinesa continúa cun vertixinoso ritmo de crecemento (9,5% en 2004, aínda catro décimas máis que no ano anterior) que no último sexenio estivo sempre por riba do 7%. Segue a impresionante suba da inversión en activos fixos e da inversión directa estranxeira (de xeito que China é xa a maior receptora mundial de inversión directa). Xa é a sexta economía mundial polo valor da súa produción, o maior consumidor de cemento, carbón, aceiro, níquel ou aluminio e o segundo importador de petróleo. De continuar nos anos vindeiros a súa expansión ao ritmo actual (ou maior, aproveitando o “tirón inversor” vencellado ás infraestruc-

Crecemento económico. OCDE⁽¹⁾. 2001-2004

■ **Cadro 1.1**

	2001	2002	2003	2004
OCDE	101,3	103,5	106,5	109,6
OCDE Europa	101,8	103,6	105,4	108,0
Unión Europea (15)	102,2	103,6	105,0	106,9
España	103,7	105,8	108,8	111,8
Alemaña	101,3	101,7	102,0	102,5
Francia	101,9	103,7	105,1	107,3
Italia	101,7	102,6	102,6	103,4
Países Baixos	101,5	101,9	101,5	102,7
Reino Unido	102,9	104,9	107,7	110,9
Dinamarca	101,6	101,7	102,9	105,9
Portugal	102,6	100,9	100,9	101,5
Austria	101,0	102,0	103,2	105,7
Suecia	101,9	103,6	106,0	108,8
Finlandia	101,4	104,6	106,9	110,8
Suíza	100,6	101,6	101,7	102,9
Noruega	103,6	104,0	105,2	108,2
EEUU	100,9	103,2	107,8	112,0
Canadá	102,4	106,1	107,9	111,4
Xapón	99,3	100,8	103,0	104,0
Australia	104,2	107,6	112,5	114,2

(1) Índices base 2000

Fonte: Boletín Mensual de Estadística. INE (que recolle datos da OCDE)

turas co pulo das Olimpíadas de 2008) pode conseguir en menos dunha década un posto de “podium” na clasificación das potencias económicas mundiais.

Os índices de crecemento económico do último cuadrienio en dezasete estados da OCDE (así como os promedios da OCDE, da UE-15 e dos estados europeos da OCDE) poden verse no cadro 1.1. Sobrancean as subas acumuladas do PIB de Australia (14,2%), Estados Unidos (12%) e máis España (11,8%), moi por riba do conxunto da OCDE (9,6%) e sobre todo do rexistrado nos países europeos da OCDE (8%) e na UE-15 (6,9%). O menor crecemento nese período tivérono Portugal (1,5%), Alemaña (2,5%) e os Países Baixos (2,7%).

No cadro 1.2 presentamos as taxas de desemprego de vinte países da OCDE no último cuadrienio. España segue a ter no ano 2004 a maior taxa de paro, aunque reduciuna case un punto respecto do ano anterior e acada o mellor valor do cuadrienio analizado. A taxa de desemprego española de 2004 (10,4%) supera en 3,6 puntos porcentuais á media da OCDE, en 2,4 puntos á da UE-15 e en 1,6 puntos á dos estados europeos membros da OCDE. Séguenlle a España en altas taxas de paro, por segundo ano consecutivo, Francia (9,7%) e Alemaña (9,5%); oito estados dos incluídos nesta clasificacións teñen en 2004 unha taxa de paro inferior ao 5% (Luxemburgo, Suíza, Países Baixos, Gran Bretaña, Irlanda, Austria, Noruega e Xapón).

■ Cadro 1.2

Taxa de paro ⁽¹⁾. OCDE. 2001-2004

	2001	2002	2003	2004
OCDE	6,9	7,0	7,0	6,8
OCDE Europa	8,3	8,7	8,9	8,8
Unión Europea (15)	7,3	7,8	8,1	8,0
España	10,9	11,7	11,3	10,4
Alemaña	7,7	8,6	9,5	9,5
Francia	8,4	9,1	9,7	9,7
Italia	8,9	8,5	8,2	8,0
Países Baixos	2,3	3,1	4,2	4,8
Bélxica	6,9	7,7	7,8	8,0
Luxemburgo	2,4	3,2	4,0	4,4
Reino Unido	5,1	4,9	4,8	4,6
Irlanda	4,2	4,4	4,6	4,3
Dinamarca	4,3	4,9	5,7	5,1
Portugal	4,1	6,0	6,3	7,1
Austria	4,0	4,1	4,5	4,5
Suecia	4,9	5,1	6,0	6,4
Finlandia	9,2	9,0	9,0	8,8
Suíza	2,8	3,6	4,3	4,3
Noruega	3,7	4,1	4,6	4,4
EEUU	5,7	6,0	5,7	5,4
Canadá	8,0	7,5	7,3	7,0
Xapón	5,4	5,5	4,8	4,4
Australia	6,8	6,3	5,8	5,1

(1) Estandarizadas e desestacionalizadas

Fonte: Boletín Mensual de Estadística. INE (que recolle datos da OCDE)

I.1.2. Contorno estatal

No cadro 1.3 recolleemos as taxas de crecemento interanual de diversos agregados macroeconómicos da Contabilidade Nacional de España (elaborada polo INE) para os anos 2003–2004, coa súa desagregación por trimestres. O PIB español de 2004 tivo unha taxa de crecemento (2,7%) lixeiramente superior á do ano anterior (en 0,2 puntos porcentuais) e claramente maior que a media da Unión Europea. A análise da evolución do PIB español por trimestres amosa a estabilidade do crecemento continuado nos sete últimos, variando só entre un 2,5% e un 2,8%.

■ **Cadro 1.3** **Evolución do PIB⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da demanda. España 2003-2004**

	2003	2004	2003				2004			
			Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Produto interior bruto	2,5	2,7	2,1	2,5	2,6	2,8	2,7	2,6	2,6	2,7
Gasto en consumo final										
Total	3,1	3,8	3,1	2,9	3,2	3,2	3,7	3,8	3,8	4,0
Consumo dos fogares	2,9	3,5	2,8	2,7	3,0	2,9	3,4	3,6	3,5	3,5
Consumo das ISFLSH	4,6	1,8	4,9	5,3	4,9	3,5	2,5	1,7	1,3	1,7
Consumo das AAPP	3,9	4,9	4,0	3,5	3,8	4,2	4,6	4,7	4,8	5,4
Formación bruta de capital fixo										
Total	3,2	4,6	3,4	3,6	3,1	2,6	2,7	4,0	5,8	6,0
Bens de equipo	1,0	5,8	1,7	1,7	1,0	-0,3	-0,4	4,3	9,8	9,4
Construción	4,3	4,4	4,2	4,6	4,1	4,2	4,2	4,1	4,6	4,9
Outros produtos	3,0	3,2	3,4	3,3	2,9	2,4	2,5	3,0	3,5	3,8
Variación de existencias ⁽²⁾	0,1	0,2	-0,8	-0,2	0,9	0,4	0,2	0,4	0,2	0,0
Demanda interna ⁽²⁾	3,3	4,4	2,4	2,9	4,2	3,6	3,8	4,4	4,6	4,6
Exportación de bens e servizos	2,6	4,5	1,9	3,9	3,1	1,6	5,5	3,3	4,1	5,2
Importación de bens e servizos	4,8	9,0	2,8	4,7	7,9	3,7	8,0	8,2	9,5	10,2

Datos corregidos de efectos estacionais e de calendario

(1) En variacións porcentuais do PIB a prezos de mercado, base 1995

(2) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: INE. Contabilidad Nacional Trimestral de España

Nunha análise máis polo miúdo destacaremos algúns trazos do decorrer económico español do último ano desde unha dobre perspectiva: da demanda e máis da oferta.

I.1.2.1. A perspectiva da demanda

- A *demanda interna* en 2004 medrou 1,1 puntos porcentuais máis que no ano anterior. No tocante á súa composición, o cadro reflicte unha clara expansión do gasto en consumo final (que pasou do 3,1% ao 3,8%) e unha forte suba da inversión, que pasou do 3,2% ao 4,6% como consecuencia do fortísimo crecemento da inversión en bens de equipo (do 1% ao 5,8%).

- No tocante ao *sector exterior*, un ano máis tivo unha contribución negativa á variación do PIB español (e máis aínda que no ano anterior), como consecuencia da maior suba das importacións (pasaron do 4,8% ao 9%) que das exportacións (soben do 2,6% ao 4,5%). A economía española empeorou, xa que logo, a súa situación financeira respecto do resto do Mundo no apartado comercial, ao presentar unha maior necesidade de financiamento.

1.1.2.2. A perspectiva da oferta

Examinando o cadro macroeconómico español desde a perspectiva da oferta (cadro I.4) destacaremos no ano 2004 que:

- Ao igual que en 2003, só a rama agro–pesqueira baixou o seu PIB (e fíxoo con menos intensidade).
- A construción tamén presentou neste ano o maior crecemento (aunque seis décimas menor que o do ano anterior).
- As outras tres ramas tiveron en 2004 unha maior suba do PIB que en 2003, sobranceando a industria pola intensidade da súa variación positiva.

■ **Cadro 1.4** Evolución do PIB ⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da oferta. España 2003-2004

	2003	2004	2003				2004			
			Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Produto interior bruto	2,5	2,7	2,1	2,5	2,6	2,8	2,7	2,6	2,6	2,7
Ramas										
Agraria e pesqueira	-1,4	-0,6	-2,9	-1,7	-1,2	0,5	1,1	-0,8	-0,4	-2,1
Enerxéticas	1,3	1,7	0,3	0,9	2,9	1,2	-0,7	2,3	2,3	3,0
Industriais	1,3	2,2	1,9	1,3	0,6	1,2	1,9	2,3	2,5	2,2
Construción	4,3	3,7	4,4	5,1	4,1	3,5	3,6	3,4	3,7	4,0
Ramas dos servizos										
Total	2,4	2,8	1,9	2,2	2,6	2,7	3,0	2,8	2,5	2,7
Servizos de mercado	2,1	2,5	1,5	2,1	2,4	2,4	3,0	2,7	2,3	2,1
Servizos de non mercado	3,3	3,5	3,1	2,8	3,3	3,9	3,2	3,0	3,3	4,6
Impostos netos sobre os produtos	6,5	4,0	4,4	7,5	6,2	7,8	3,8	3,4	4,1	4,7

(1) En variacións porcentuais do PIB a prezo de mercado, base 1995. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario
Fonte: INE. Contabilidad Nacional Trimestral de España

1.2. Crecemento económico galego

Neste epígrafe estudaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no último bienio (desde as perspectivas da demanda e da oferta) e despois analizaremos a evolución a longo prazo da produción e a renda (globais e por habitante) nas distintas comunidades autónomas e estudaremos os datos galegos e estatais en relación coa Unión Europea.

1.2.1. Evolución do PIB e dos seus compoñentes

Os datos do IGE indican que a economía galega tivo un maior crecemento económico no ano 2004 (3%) que no anterior (2,4%). O seguimento da evolución do PIB que figura no cadro I.5 amosa que o ritmo da suba do PIB foi moi estable nos catro trimestres do ano (variando só entre un 2,8% e un 3,1%). O crecemento económico galego de 2004 foi maior que o español (tres décimas) e notablemente maior que na Unión Europea.

■ Cadro 1.5 PIB ⁽¹⁾ trimestral e dos seus compoñentes. Perspectiva da demanda. Galicia 2003-2004

Operacións	Ano		2003				2004			
	2003	2004	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Gasto en consumo final	3,2	3,1	2,1	3,0	3,3	4,3	3,4	3,1	3,1	2,8
Gasto en consumo final dos fogares	3,1	3,0	1,9	2,8	3,3	4,2	3,1	3,0	3,0	2,8
Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,5	3,5	2,5	3,9	3,2	4,4	4,3	3,2	3,8	2,8
Formación bruta de capital	3,9	4,2	5,3	4,2	1,7	4,2	2,0	5,5	6,1	3,2
Demanda interna ⁽²⁾	3,8	3,8	3,3	3,8	3,2	4,8	3,4	4,2	4,5	3,3
Exportación de bens e servizos	4,6	6,7	3,8	4,1	3,5	6,8	7,3	6,8	7,7	5,1
Importación de bens e servizos	5,7	6,7	4,8	5,8	4,0	8,1	6,5	7,2	8,4	4,9
Produto Interior Bruto	2,4	3,0	2,1	2,1	2,4	3,0	3,0	3,1	3,0	2,8

(1) A prezo de mercado. Base 2000
Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

O INE fai tamén a súa propia estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas ao traveso da *Contabilidad Regional de España*, que está adaptada ao novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE. Os datos do ano 2004 refliten tamén que o PIB galego creceu un 3%.

I.2.1.1.A perspectiva da demanda

En 2003 o Instituto Galego de Estatística comezou a proporcionar na súa *Contabilidade Trimestral* series trimestrais dos principais compoñentes da demanda, o que posibilita desde entón a realización dunha análise máis completa da conxuntura económica galega. A análise desde a *perspectiva de demanda* dos compoñentes do PIB (cadro 1.5) reflete que:

- A achega da *demanda interna* ao crecemento do PIB en 2004 (3,8%) igualou á do ano anterior e superou en oito décimas o ritmo de suba do PIB galego, aunque quedou seis décimas por baixo da achega estatal (mentres que fora maior en 2003). O maior aumento deuse (ao igual que no ano 2003) no apartado da formación bruta de capital (cunha suba dun 4,2%).
- A achega do sector exterior, en cambio, foi negativa un ano máis, aínda que con menos intensidade que no total estatal ou mesmo que en Galicia en 2003, xa que a suba das exportacións de bens e servizos respecto do ano anterior (dun 4,6% a un 6,7%) foi superior ao das importacións (que pasaron do 5,7% ao 6,7%).

I.2.1.2.A perspectiva da oferta.

A análise desde a *perspectiva da oferta* da evolución do PIB de Galicia no último bienio constata que:

- O maior crecemento tivérono en 2004 a construción (3,6%) e os servizos (3,3%), que presentaron unha evolución moi positiva co “tirón” do Xacobeo (hostalería e restauración, comercio, etc). O comportamento máis negativo presentouno a rama enerxética, seguida da industrial.
- En 2004 todos os compoñentes analizados presentaron signo positivo, mentres que en 2003 presentara signo negativo o sector agro–pesqueiro. O impacto do verquido derivado do afundimento do *Prestige* foi entón un factor explicativo fundamen-

■ Cadro 1.6

PIB ⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da oferta. Galicia 2003-2004

	2003	2004	2003				2004			
			Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Produto Interior Bruto	2,4	3,0	2,1	2,1	2,4	3,0	3,0	3,1	3,0	2,8
Ramas										
Agraria e pesqueira	-3,5	2,3	-3,1	-5,6	-2,9	-2,1	1,3	0,0	2,5	5,5
Enerxéticas	3,7	0,2	6,6	3,2	3,9	1,4	2,2	1,0	-0,4	-1,8
Industriais	2,4	1,9	-0,8	4,7	1,7	4,2	1,9	2,4	3,2	0,0
Construción	3,1	3,6	5,1	4,0	1,5	2,0	2,2	3,7	4,1	4,2
Ramas dos servizos										
Total	2,4	3,3	1,8	2,1	2,8	3,1	3,8	3,4	3,0	3,1
Servizos de mercado	2,1	3,2	1,4	2,3	2,2	2,4	3,4	3,1	3,1	3,3
Servizos de non mercado	3,5	3,5	3,0	1,6	4,3	5,0	4,7	4,3	2,7	2,5
Impostos netos sobre os produtos	3,7	3,8	5,6	-0,3	4,5	5,3	3,1	4,2	3,4	4,3

(1) Taxas porcentuais de variación interanuais do PIB pm, base 2000. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario
 Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

tal, e o PIB agro–pesqueiro baixou nos catro trimestres (entre un 2,1% e un 5,6%) con especial intensidade no primeiro semestre do ano, tempo no que estivo o período de peche da pesca na costa galega.

1.2.1.3.A pegada do Prestige

Sinalabamos no *Informe Sociolaboral* do ano anterior a relevancia económica e medioambiental derivada do verquido do *Prestige* e comentabamos que aínda que só nun prazo longo se terán os informes do impacto que na economía e no medio natural de Galicia tivo o verquido derivado do afundimento do *Prestige*, si que existían xa datos estatísticos na *Contabilidade Trimestral* de Galicia que apuntaban á importancia económica do mesmo.

A Consellería de Pesca da Xunta de Galicia estimou nun 15% a caída da produción do sector pesqueiro en 2003. Un estudo realizado pola *Coordinadora de Cofradías de Pescadores* feito público en marzo de 2004, pola súa banda, estimou que a catástrofe do *Prestige* provocou unha diminución do 33% nas capturas do sector pesqueiro galego e unhas perdas económicas duns 72 millóns de euros nese sector produtivo, que “non se recuperou a produtividade anterior ao *Prestige*” e que resulta moi probable que as secuelas da marea negra afectasen ao ciclo reprodutivo das especies, o que mantería niveis anormalmente baixos de produtividade no sector pesqueiro.

Con todo, sexan os datos reais máis próximos a un ou a outro estudo, cómpre ser conscientes de que a inxección de diñeiro público para facer fronte aos primeiros efectos da marea negra (por exemplo o pago de rendas para compensar aos pescadores imposibilitados temporalmente de realizar o seu traballo) pode enmascarar nun primeiro momento as consecuencias económicas claramente negativas da catástrofe. Unha catástrofe ecolóxica da magnitude da do *Prestige* destrúe a riqueza pero temporalmente pode aumentar a renda. Para entendela ben cómpre subliñar a diferenza entre renda e riqueza.

A *renda* é un fluxo anual, integrado pola suma de varios compoñentes (salarios, beneficios, transferencias, etc.) que xera un país. O importe das transferencias públicas (da comunidade autónoma, do Estado, da UE, de concellos e deputacións) e privadas (de empresas, particulares, fundacións...), xunto a outros apoios internacionais (por exemplo o ofrecemento marroquí de permitir temporalmente o acceso de buques ás súas augas xurisdiccionais), o aumento temporal do emprego para a

limpeza da costa ou os beneficios empresariais derivados da estancia en Galicia dos miles de voluntarios da “marea branca”, teñen un efecto dinamizador da renda dispoñible de Galicia.

A *riqueza*, en cambio, non é un fluxo temporal senón un fondo ou stock, un total acumulado ao cabo da historia do país, que se mide para un momento determinado e ten entre os seus compoñentes o capital físico, é dicir, os bens tanxibles (como os recursos pesqueiros da plataforma mariña e os recursos naturais da costa –incluíndo, por suposto, o valor paisaxístico e o seu uso para a atracción do turismo–). A *riqueza* é máis difícil de medir que a renda pero a súa conservación é fundamental para asegurar a xeración de renda no futuro ¿Cal é por exemplo a valoración da desfeita do patrimonio natural dunha comunidade? ¿Cómo cuantificar a perda derivada de que xeracións futuras non teñan xa certas especies mariñas ou da redución da produtividade pesqueira a consecuencia de quedar afectado pola marea negra o ciclo reprodutivo dalgunhas especies?

Anque hai que esperar algún tempo para que os informes económicos e ecolóxicos teñan datos máis precisos para cuantificar o estrago causado pola catástrofe do *Prestige*, parece evidente que se pode afirmar que a *riqueza* de Galicia sufriu un deterioro moi grave (na flora e fauna, nas praias e cantiles, nas construcións e mesmo nos barcos e nos seus aparellos).

Sirvan estas palabras de Guillermo de la Dehesa, presidente do CEPR (Centre for Economic Policy Research) como resumo da *pegada do Prestige* en Galicia: “Galicia está a sufrir a maior catástrofe ecolóxica da súa historia. As súas consecuencias económicas van ser moi negativas e duradeiras (...) efectos negativos e duradeiros sobre os recursos naturais de Galicia, é dicir, sobre a súa riqueza, que non son facilmente cuantificables, e, ao mesmo tempo, ten a curto prazo uns efectos positivos sobre a súa renda (...) O feito é que un destrozo tan grave da riqueza vai reducir a renda de Galicia nos anos vindeiros xa que se deteriorou gravemente o seu hábitat, os seus medios de produción, o seu capital físico, o seu potencial turístico, a súa beleza natural. Pan para hoxe, e fame para mañá” (do artigo: “*Paradojas económicas de la marea negra*”, publicado en *El País*).

1.2.2. Crecemento económico das distintas comunidades autónomas

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia con anterioridade, tamén resulta moi importante facer un estudo do crecemento económico nas diversas comunidades autónomas, para situar a Galicia na posición que lle corresponda dentro dese decorrer económico autonómico. Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades autónomas; xa que logo, as fontes que utilizaremos serán unha oficial (o INE) e outra privada (FUNCAS).

1.2.2.1. Crecemento económico autonómico, na ollada do INE

1.2.2.1.1. O crecemento galego, no marco estatal.

Segundo os datos da *Contabilidade Rexional* que elabora o INE, na clasificación por crecemento das comunidades autónomas no ano 2004, Galicia só tivo por riba a

Navarra e medrou (o mesmo que o País Vasco ou Andalucía) tres décimas por riba da media estatal. O cadro 1.7 constata esa realidade dun ano no que, como adoita suceder nos Xacobeos, Galicia reduciu diferenzas na xeración de PIB co promedio español. O menor crecemento económico foi, un ano máis, o das Balears, seguido de cerca por Asturias, Castela–A Mancha e Melilla.

**Crecedemento do PIB ⁽¹⁾.
Por comunidades autónomas. 2004**

■ Cadro 1.7

	Variación PIB
Navarra	3,4
Andalucía	3,0
Galicia	3,0
País Vasco	3,0
Cantabria	2,9
Madrid	2,9
Murcia	2,9
A Ríoxa	2,9
Canarias	2,8
Estremadura	2,8
Castela e León	2,7
España	2,7
Aragón	2,6
Cataluña	2,5
C. Valenciana	2,4
Ceuta	2,3
Castela A Mancha	2,1
Melilla	2,1
Asturias	2,0
Balears	1,7

(1) En porcentaxe de variación do PIB, en termos reais. Base 1995
Fonte: INE. Contabilidad Regional de España

Se estudamos o comportamento do PIB a un prazo maior, os datos non son tan positivos para Galicia. O INE estima que no último quinquenio (1999–2004) o crecemento acumulado do PIB galego foi do 13,42%, bastante por baixo do crecemento estatal (15,48%).

A máis longo prazo (1995–2004), os datos do INE (véxase cadro 1.8) explicitan que o crecemento económico medio de Galicia (2,8%) foi medio punto porcentual menor que a media estatal (3,3%). Galicia ocupa nesta clasificación o cuarto posto empezando “pola cola”; só Asturias, Castela–León e Balears tiveron unha menos suba do PIB neses nove anos. Varias comunidades (ou cidades) autónomas que compartiron moitos anos con Galicia ao estaren entre as de menor PIB por habitante (Murcia, Andalucía, Canarias, Estremadura, Ceuta e Melilla) encabezan o crecemento económico nese período e todas elas creceron canda menos catro décimas máis que a media estatal, o que pode significar, entre outras cousas, un mellor aproveitamento dos importantísimos fondos recibidos da UE nese tempo para potenciar (con máis éxito que Galicia) o seu desenvolvemento económico. En todo caso, o que si constatan sen dúbidas é que aproveitaron este período para avanzar na converxencia coa media

**Crecemento medio anual ⁽¹⁾
das comunidades autónomas. 1995-2004**

■ Cadro 1.8

	%
Murcia	4,1
Andalucía	3,8
Canarias	3,7
Ceuta e Melilla	3,7
Extremadura	3,7
Madrid	3,7
C. Valenciana	3,6
Navarra	3,6
Cantabria	3,4
País Vasco	3,4
España	3,3
Castela A Mancha	3,1
A Ríoxa	3,1
Aragón	2,8
Cataluña	2,8
Galicia	2,8
Baleares	2,7
Castela e León	2,5
Asturias	2,2

(1) En termos reais. Base 1995
Fonte: INE. Contabilidad Regional de España

**Crecemento medio anual por habitante ⁽¹⁾
das comunidades autónomas. 1995-2004**

■ Cadro 1.9

Cantabria	7,0
Extremadura	6,9
País Vasco	6,9
Murcia	6,8
Andalucía	6,7
Ceuta e Melilla	6,6
Madrid	6,5
Aragón	6,4
España	6,4
Navarra	6,4
C. Valenciana	6,3
Galicia	6,2
A Ríoxa	6,2
Castela e León	6,1
Cataluña	6,1
Asturias	6,0
Castela A Mancha	6,0
Canarias	5,7
Baleares	5,7

(1) En termos correntes
Fonte: INE. Contabilidad Regional de España

estatal (fose coa mellor utilización para potenciar o desenvolvemento dos fondos comunitarios, dos estatais ou dos propios que ten cada comunidade autónoma).

Como consecuencia do menor crecemento económico en Galicia que no promedio estatal, a participación de Galicia na xeración do total do PIB español, que en 1995 era do 5,61% segundo o INE, caeu dúas décimas ata o ano 2004. Este cómputo do INE non é compartido polo IGE, que estima que están parellos (computa unhas centésimas máis de participación galega no PIB total estatal en 2004 que en 1995).

Se estudamos o crecemento económico *por habitante* de 1995 a 2004, Galicia tampouco acadou a media estatal, anque certamente a diferenza é menor que analizando a evolución do PIB (dúas décimas menos, fronte a cinco da anterior clasificación), porque ben sabemos que o comportamento demográfico galego foi moito menos expansivo que o estatal nese período. Galicia ocupa agora a undécima posición, nunha táboa clasificatoria na que figuran entre as seis primeiras (cunha suba superior ao promedio español) as comunidades de Cantabria, Estremadura, Murcia e Andalucía, e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, todas elas “compañeiras de viaxe” tradicionais de Galicia no “vagón de cola” do crecemento económico.

1.2.2.1.2. O crecemento galego no marco da UE-25.

Tendo en conta as estimacións de PIB e as Paridades de Poder Adquisitivo dos 25 estados da UE que realiza EUROSTAT, o INE elaborou a estatística que recollamos no cadro 1.10, que permite a comparanza do PIB *por habitante* en paridade de poder adquisitivo (ou sexa, corrixindo o PIB p.h. cos niveis de prezos de cada un dos espazos territoriais estudados) das diferentes comunidades autónomas (e máis do promedio estatal) co índice da UE-25. Destacaremos os seguintes aspectos:

- Respecto da media da UE-25, despois do estancamento do ano 2001 e o forte avance de 2002 e 2003, Galicia avanzou na converxencia no trienio 2000-2003 en 4,8 puntos, un punto por baixo do promedio español (5,9 puntos). En termos porcentuais, o crecemento do PIB por habitante en PPA de Galicia (6,59%) foi practicamente igual nese trienio que na media estatal (6,43%), o que non permite pensar (de seguir igual as cousas) nun horizonte temporal razoable para a nosa converxencia coa media española.
- Os datos do promedio 2000-2002 que figuran na penúltima columna do cadro 1.10 poden ter gran transcendencia porque é posible que sexan utilizados nas *Perspectivas Financeiras da UE* para fixar as comunidades que no período 2007-2013 van ter dereito a recibir máis fondos da UE por ser consideradas *obxectivo 1* nese septenio (por teren un PIB por habitante en PPA inferior ao 75% da media da UE-25). De ser así, Estremadura, Andalucía, Galicia e Castela-A Mancha formarían este grupo; saírían del Canarias, Castela-León e Comunidade Valenciana (polo seu crecemento económico real) e Asturias, Murcia e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla (polo “efecto estatístico” derivado da ampliación da UE de 15 a 25 estados).

No caso de non utilizarse o indicador do promedio 2000-2002 (por prorrogarse a toma de decisión das *Perspectivas Financeiras da UE* para o período 2007-2013) Galicia podería verse afectada tamén polo “efecto estatístico” e perder a maior parte dos fondos que vén percibindo como “rexión obxectivo 1”. Na negociación do novo marco financeiro xógase moito Galicia e entre os temas a tratar está a posible redución do actual orzamento comunitario (do 1,24% ao 1% do PIB), que reduciría significativamente o montante global dos fondos destinados á axuda aos territorios menos desenvolvidos da UE (que a Comisión Europea estimou en 336.100 millóns de euros para o período 2007-2013).

■ Cadro 1.10

PIB per cápita en PPA ⁽¹⁾. CCAA, España, UE-25. 2000-2003

	2000	2001	2002	Promedio 2000-2002 UE-25= 100	2003 ⁽²⁾
Andalucía	68,1	68,7	71,1	69,3	74,0
Aragón	97,4	98,0	101,7	99,0	105,5
Asturias	78,4	79,0	80,7	79,3	82,9
Baleares	115,9	115,1	117,1	116,0	118,7
Canarias	87,2	87,2	89,0	87,8	91,5
Cantabria	87,7	89,6	91,9	89,7	95,2
Cast. A Mancha	73,9	74,4	76,0	74,7	77,8
Cast. e León	84,4	85,3	87,8	85,8	90,9
Cataluña	110,2	110,3	112,3	110,9	116,1
C. Valenciana	87,8	88,6	90,7	89,0	92,6
Extremadura	59,3	58,9	61,6	59,9	64,3
Galicia	72,8	72,7	74,7	73,4	77,6
Madrid	122,9	124,6	126,7	124,7	130,4
Murcia	78,2	78,9	81,1	79,4	84,2
Navarra	115,6	116,3	119,6	117,1	123,1
País Vasco	113,9	114,7	117,1	115,2	121,3
A Rioxa	105,4	105,5	106,7	105,8	110,8
Ceuta	78,3	79,1	81,6	79,6	82,9
Melilla	78,0	79,1	82,0	79,7	82,4
España	91,7	92,4	94,6	92,9	97,6
UE-25	100	100	100	100	100

(1) PPA = P de poder adquisitivo

(2) Dato provisional

Fonte: INE. Contabilidad Regional de España

1.2.2.1.3. O crecemento económico das provincias galegas.

Os datos do cadro 1.11 proporcionan a desagregación por provincias e ramas de actividade do valor engadido bruto da economía galega de 2000 a 2003, e permite aos interesados realizar unha análise polo miúdo da importancia provincial de cada rama produtiva. Sobrancearemos os seguintes aspectos en relación co VEB total de cada provincia:

- As provincias da Coruña e Pontevedra concentran un 76,34% do valor engadido bruto de Galicia en 2003, porcentaxe que supera en medio punto ao que tiñan no ano 2000 (75,83%).
- A única provincia que diminuíu no período 2000–2003 o seu peso relativo na xeración do VEB galego foi a de Lugo, que pasou dun 12,40% a un 11,82%.
- O maior avance absoluto na participación porcentual no VEB galego no período analizado foi o da Coruña (que pasou dun 42,93% a un 43,20%), seguido pola de Pontevedra (pasou dun 32,90% a un 33,14%). Ourense subiu dun 11,77% a un 11,84%.

■ **Cadro 1.11** Valor engadido bruto ⁽¹⁾ das provincias de Galicia. Por rama de actividade. 2000-2003

	2000	2001 Provisional	2002 Provisional	2003 Avance
A Coruña				
Agricultura, gandería e pesca	537.796	546.616	561.645	555.750
Industria (incluída enerxía e construción)	4.408.583	4.628.293	5.048.257	5.150.434
Enerxía	1.331.410	1.331.444	1.361.194	1.329.469
Industria	1.720.909	1.854.182	2.026.760	2.025.173
Construción	1.356.534	1.442.667	1.660.303	1.795.792
Actividades dos servizos	8.303.694	8.888.937	9.543.613	10.297.598
Servizos de mercado	6.171.292	6.610.712	7.185.142	7.740.360
Servizos de non mercado	2.132.402	2.278.225	2.358.471	2.557.238
SIFMI (2)	-492.571	-591.738	-582.376	-582.758
Total provincial	12.757.772	13.472.108	14.571.139	15.421.024
Lugo				
Agricultura, gandería e pesca	385.568	413.543	370.624	371.071
Industria (incluída enerxía e construción)	1.057.661	1.007.907	1.016.618	1.087.268
Enerxía	51.701	49.095	58.141	63.610
Industria	705.701	643.512	608.733	640.583
Construción	300.259	315.300	349.744	383.075
Actividades dos servizos	2.382.784	2.571.446	2.732.444	2.923.755
Servizos de mercado	1.738.886	1.880.374	2.013.692	2.128.457
Servizos de non mercado	643.898	691.072	718.752	795.298
SIFMI (2)	-142.229	-168.002	-158.327	-159.569
Total provincial	3.683.784	3.824.894	3.961.359	4.222.525
Ourense				
Agricultura, gandería e pesca	390.376	431.592	425.199	427.457
Industria (incluída enerxía e construción)	983.609	1.083.441	1.169.065	1.213.116
Enerxía	123.233	146.411	178.394	192.946
Industria	436.663	493.125	525.097	518.444
Construción	423.713	443.905	465.574	501.726
Actividades dos servizos	2.259.909	2.412.674	2.607.989	2.746.579
Servizos de mercado	1.728.108	1.843.193	1.985.324	2.079.889
Servizos de non mercado	531.801	569.481	622.665	666.690
SIFMI (2)	-135.087	-165.259	-161.500	-159.753
Total provincial	3.498.807	3.762.448	4.040.753	4.227.399
Pontevedra				
Agricultura, gandería e pesca	664.445	716.792	730.484	722.225
Industria (incluída enerxía e construción)	3.150.555	3.284.033	3.412.440	3.719.355
Enerxía	79.473	93.811	98.997	108.255
Industria	2.139.123	2.148.247	2.193.111	2.282.566
Construción	931.959	1.041.975	1.120.332	1.328.534
Actividades dos servizos	6.336.508	6.938.484	7.315.339	7.844.495
Servizos de mercado	4.963.742	5.483.811	5.776.426	6.145.588
Servizos de non mercado	1.372.766	1.454.673	1.538.913	1.698.907
SIFMI (2)	-377.374	-460.273	-440.361	-447.383
Total provincial	9.774.134	10.479.036	11.017.902	11.838.692
Total Galicia	29.714.497	31.538.486	33.591.153	35.709.640

(1) En prezos correntes, en miles de euros

(2) Servizos de Intermediación Financeira Medidos Indirectamente

Fonte: INE. Contabilidad Regional de España.

I.2.2.2. Crecemento económico das comunidade autónomas, segundo FUNCAS

I.2.2.2.1. O crecemento galego no marco estatal

O cadro 1.12 recolle os datos do crecemento do valor engadido bruto (de maior a menor) por comunidades autónomas, segundo a “Fundación de las Cajas de Ahorro para la Investigación Económica y Social” (FUNCAS). Ao igual que a estatística do INE comentada no epígrafe anterior, reflite o maior ritmo do crecemento económico en Galicia (3,16%) que a nivel estatal (2,83%); segundo FUNCAS só dúas comunidades autónomas (Madrid e Navarra) creceron máis que a galega en 2004.

■ Cadro 1.12

Clasificación das CCAA Por crecemento económico ⁽¹⁾. 2004	
	%
Madrid	3,29
Navarra	3,26
Galicia	3,16
Murcia	3,03
Andalucía	2,99
Castela e León	2,98
C. Valenciana	2,92
Media estatal	2,83
País Vasco	2,82
Extremadura	2,82
Aragón	2,78
A Ríoxa	2,77
Castela A Mancha	2,75
Cantabria	2,74
Ceuta	2,66
Melilla	2,56
Cataluña	2,43
Asturias	2,34
Canarias	2,25
Baleares	1,45

(1) Medido pola taxa de variación do VEB

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica", marzo-abril 2005

Nas comunidades autónomas o crecemento económico no ano 2004 variou entre o 3,29% de Madrid e o 1,45% de Baleares (comunidade que repite un ano máis na última posición). Ao igual que en 2003, todas as comunidades autónomas agás unha (Baleares) tiveron no último ano un crecemento económico superior ao 2% e todas (incluída Baleares) superaron a suba media da Unión Europea e máis da UEM.

A evolución económica, demográfica e laboral das comunidades autónomas en 2004 pódese afondar cos datos do cadro 1.13, no que destacaremos:

- O comportamento dos sectores non agrarios foi lixeiramente menos expansivo en Galicia (2,75%) que na media española (2,85%), a diferenza da evolución económica global nese ano.

- Un ano máis, o estancamento demográfico galego contrasta co crecemento medio estatal (1,10%). Cómpre insistir en que os países nos que a poboación medra menos –coma está a ocorrer con Galicia desde hai ben anos– terán na evolución desta compoñente parte da explicación do mellor comportamento do PIB ou da renda **por habitante** en relación a outros de máis dinamismo demográfico, porque hai que lembrar que a evolución destas variables tan usadas para a medida da converxencia económica entre distintas sociedades está condicionada pola andaina de dúas magnitudes: o valor da produción xerada e máis a variación da poboación. A igual evolución do PIB en Galicia e España, o PIB *por habitante* galego “converxerá” co estatal na medida en que, pola diferente dinámica demográfica, vai perdendo peso na poboación total española.

A perda de peso demográfico de Galicia no conxunto estatal a longo prazo foi obxecto de análise en anteriores *Informes Sociolaborais* (aos que remitimos aos interesados) e o estudo máis a fondo da evolución demográfica galega nos últimos anos pode consultarse no epígrafe 3.1 deste mesmo *Informe Sociolaboral*.

- O estancamento da poboación de 16 e máis anos de Galicia contrasta co crecemento desta magnitude en comunidades como A Rioxa, C.Valenciana ou Murcia ou mesmo coa evolución media estatal (que creceu un 1,08% en 2004).

- Anque a poboación activa galega creceu porcentualmente máis que a española, a análise dos dous compoñentes internos explicita que o que subiu moito máis en Galicia foi o número de desempregados (9,23%) mentres que baixou en España (-2,17%) ao tempo que medrou menos en Galicia (1,37%) que no estado (2,44%) a poboación ocupada.

■ Cadro 1.13

Porcentaxe de variación do VAB, a poboación e as principais magnitudes laborais. Por comunidade Autónomas. 2004

	% crecemento económico real do VAG		% variación da poboación	% Variación das magnitudes laborais			
	Total	Sectores non agrarios		Poboación de 16 e máis anos	Activos	Ocupados	Parados
Andalucía	2,99	3,20	1,09	1,42	1,97	3,89	-7,47
Aragón	2,78	2,89	1,34	1,48	1,89	2,83	-13,41
Asturias	2,34	2,35	-0,18	-0,14	0,20	1,11	-7,23
Baleares	1,45	1,40	0,81	0,71	2,85	3,16	-0,25
Canarias	2,25	2,31	1,12	0,99	2,46	1,69	8,99
Cantabria	2,74	2,70	0,89	1,12	1,59	1,64	1,19
Cast. A Mancha	2,75	2,87	1,01	0,93	1,50	2,00	-3,21
Cast. e León	2,98	2,76	0,23	0,20	1,22	1,65	-2,60
Cataluña	2,43	2,51	1,63	1,49	1,17	1,30	-0,14
C. Valenciana	2,92	3,03	1,63	1,61	2,44	3,07	-3,08
Extremadura	2,82	3,02	0,07	-0,20	1,89	2,21	0,38
Galicia	3,16	2,75	-0,01	0,06	2,32	1,37	9,23
Madrid	3,29	3,30	1,57	1,34	2,96	3,63	-6,53
Murcia	3,03	3,47	2,02	1,88	3,19	3,21	3,05
Navarra	3,26	3,47	1,13	1,08	2,11	2,65	-7,80
País Vasco	2,82	2,55	0,11	0,09	0,49	0,26	2,73
A Rioxa	2,77	2,85	2,13	2,11	3,23	3,79	-6,76
Ceuta	2,66	2,67	-0,28	-0,55	4,65	3,03	16,22
Melilla	2,56	2,57	-0,59	-1,49	4,73	2,61	25,00
España	2,83	2,85	1,10	1,08	1,96	2,44	-2,17

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo-abril 2005.

■ Cadro 1.14

Produto Interior Bruto⁽¹⁾ das CC. AA. 1996-2004

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	Taxa media anual 1995-2004
Andalucía	3,81	5,89	5,49	5,38	4,94	3,40	3,48	2,45	3,45	3,86
Aragón	1,71	3,28	4,93	3,65	3,34	1,44	2,02	3,65	3,27	2,66
Asturias	0,09	3,21	3,55	0,09	3,98	2,51	2,42	1,94	2,60	1,96
Baleares	9,63	3,69	4,84	4,86	4,84	2,44	-0,03	1,98	1,91	3,54
Canarias	12,98	6,80	5,45	4,84	2,63	2,20	1,39	2,96	2,48	4,30
Cantabria	2,10	3,15	4,09	3,25	5,33	3,91	1,92	3,79	3,20	3,05
Cast. A Mancha	3,37	4,50	4,51	4,92	4,25	2,91	2,76	2,49	3,22	3,29
Cast. e León	2,51	3,24	4,56	3,93	4,71	1,36	2,49	2,51	3,43	2,80
Cataluña	2,27	4,87	4,65	5,23	4,49	2,14	2,71	2,60	2,97	3,20
C. Valenciana	5,87	4,71	4,05	6,34	4,95	3,94	2,47	2,74	3,39	3,88
Extremadura	3,62	4,46	5,52	5,14	5,45	2,15	3,59	2,82	3,36	3,62
Galicia	4,14	5,68	5,04	5,73	3,05	2,59	1,85	2,99	3,57	3,44
Madrid	1,39	5,59	4,07	4,31	4,33	2,31	3,00	3,31	3,64	3,13
Murcia	3,45	6,83	6,44	5,54	5,19	4,09	3,51	3,28	3,55	4,24
Navarra	1,11	5,40	4,24	2,96	5,90	1,44	2,48	2,57	3,68	2,88
País Vasco	0,19	3,11	3,32	2,54	4,15	1,08	2,48	2,03	3,29	2,09
A Ríoxa	5,71	5,39	3,78	6,06	2,57	3,84	1,98	3,22	3,33	3,60
Ceuta	-4,69	5,48	6,97	4,42	7,12	2,94	3,62	2,33	3,05	3,07
Melilla	-0,18	5,43	2,02	6,94	7,33	4,85	2,32	3,87	2,93	3,59
Media estatal	3,24	4,91	4,59	4,73	4,42	2,53	2,63	2,74	3,27	3,30

Taxa de variación sobre o ano anterior.

(1) A prezos de mercado de 1995.

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo-abril 2005.

■ Cadro 1.15

Ranking das autonomías españolas no 2004. Índices por habitante ⁽¹⁾

	PIB ⁽²⁾			Renta Bruta ⁽²⁾			Renta Fam. Bruta Disp. en poder de compra	
	1995	2004		1995	2004		1995	2004
País Vasco	129,56	124,89	País Vasco	126,56	127,70	Madrid	127,21	123,39
Madrid	131,38	124,09	Madrid	131,38	126,39	País Vasco	122,17	121,38
Navarra	128,53	122,19	Navarra	128,53	122,14	Navarra	125,34	118,20
Baleares	131,35	118,10	Cataluña	121,07	118,06	Cataluña	117,79	113,05
Cataluña	121,07	117,60	Baleares	131,35	113,51	Aragón	112,57	112,52
A Ríoxa	113,51	111,69	A Ríoxa	113,51	110,78	Baleares	128,76	109,55
Aragón	109,29	106,57	Aragón	109,28	108,95	A Ríoxa	111,66	107,21
España	100,00	100,00	Melilla	100,82	101,18	Castela e León	99,82	105,17
Castela e León	95,83	99,78	Castela e León	95,83	100,19	Melilla	106,21	105,13
C. Valenciana	97,53	98,92	España	100,00	100,00	Ceuta	98,63	101,53
Melilla	100,83	96,37	C. Valenciana	97,53	97,95	España	100,00	100,00
Cantabria	92,55	94,09	Ceuta	93,18	96,72	C. Valenciana	97,10	97,47
Ceuta	93,19	92,20	Cantabria	92,55	95,81	Cantabria	93,27	96,84
Canarias	91,18	89,98	Galicia	77,96	86,58	Galicia	81,62	90,35
Galicia	77,96	86,06	Asturias	87,49	85,49	Cast. A Mancha	90,63	89,74
Asturias	87,49	85,31	Canarias	91,18	84,59	Canarias	93,58	88,67
Cast. A Mancha	83,94	82,92	Caste. A Mancha	83,94	81,98	Asturias	88,20	86,38
Murcia	81,24	78,99	Murcia	81,23	78,97	Extremadura	72,12	81,76
Andalucía	72,00	75,94	Andalucía	72,00	74,84	Murcia	83,53	79,50
Extremadura	67,25	73,50	Extremadura	67,25	73,53	Andalucía	73,03	76,58

(1) Media española = 100

(2) A prezo de mercado.

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo-abril 2005.

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando esa diferenza. Xa que logo, imos tratar agora desta andaina na procura da converxencia de Galicia na última década cos niveis medios de renda do Estado ou do conxunto da UE

No cadro I.14 presentamos a evolución do PIB das distintas comunidades autónomas a longo prazo (de 1996 a 2004). Sobrancearemos o seguinte:

O crecemento medio galego nos últimos nove anos (3,44%) superou lixeiramente ao promedio estatal (3,30%). Chamamos a atención sobre o importante cambio que neste ano se produce nesta estatística, porque no cadro I.9 do Informe Sociolaboral do ano anterior pódese comprobar como FUNCAS estimaba un crecemento do PIB galego para o período 1995–2003 (3,40%) bastante inferior ao estatal (3,88%); loxicamente, a mellor evolución relativa de Galicia do ano 2004 respecto da media estatal (tres décimas) non pode ser responsable desa diferenza, senón que se produciu un importante cambio na avaliación dos crecementos galego e estatal nesta fonte estatística.

Segundo a nova estimación estatística de FUNCAS, podemos comprobar na desagregación por anos do crecemento económico que en sete dos nove anos analizados Galicia subiu por riba da media española; as excepcións foron os anos 2000 e 2002. A diferenza a prol de Galicia foi especialmente intensa no penúltimo ano de celebración do Xacobeo (1999), mentres que no último Xacobeo (2004) reduciuse a tres décimas.

No cadro I.15 pódese ver a evolución de 1995 a 2004 dos índices por habitante de tres variables macroeconómicas relevantes: PIB, renda bruta e renda dispoñible en paridade de poder adquisitivo. Aparte de teimar na chamada de atención sobre a gran diferenza respecto do estudo de FUNCAS realizado no ano anterior (recollido no cadro I.10 do Informe Sociolaboral de 2003) e de non perder de vista a influencia do menor dinamismo demográfico galego na mellora dos datos “por habitante” respecto da media estatal, subliñaremos os seguintes trazos:

- Galicia avanzou case un punto por ano respecto do promedio estatal no *PIB por habitante* nos últimos nove anos e queda na décimocuarta posición na clasificación (avanzando tres postos na clasificación).
- No tocante á *renda bruta por habitante*, Galicia avanzou practicamente o mesmo que no PIB por habitante (case un punto por ano) e queda na décimoterceira posición da clasificación en 2004 (un posto máis adiante que no ranking por PIB per capita dese mesmo ano e catro por riba do que ocupaba en renda bruta en 1995).
- En *renda familiar bruta dispoñible en poder de compra* (é dicir, en paridade de poder adquisitivo) Galicia avanzou tamén practicamente un punto por ano no período e quedou en décimoterceira posición (catro postos por diante que en 1995).

Os datos deste cadro son especialmente relevantes desde o punto de vista económico-social porque, se dunha banda amosan o crecemento económico real por habitante (ao traveso do PIB e da renda bruta), pola outra dan conta (coa terceira variable) de canto varía a renda despois dun dobre axuste derivado das transferencias monetarias públicas netas (ao traveso do sistema impositivo e das prestacións da Seguridade Social) e máis da corrección dos prezos relativos dos bens e servizos.

A renda familiar dispoñible en paridade de poder de compra é a variable que amosa o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas –excluídas as administracións públicas– residentes en cada comunidade autónoma, tendo en

conta o nivel relativo do índice de prezos de consumo de cada unha das comunidades. Non só inclúe aportacións que proceden da vía da produción de bens e servizos (coma por exemplo as rendas salariais ou as rendas mixtas –traballo e capital– percibidas polos traballadores por conta propia) senón tamén as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas. Cómpre lembrar que se exclúen para o seu cálculo as cotas da Seguridade Social e os impostos directos pagados polas familias.

1.2.2.2. O crecemento económico galego, no marco da UE–15

O cadro 1.16 infórmanos da posición relativa en renda en termos de poder de compra *por habitante* das distintas comunidades autónomas na última década respecto da media da Unión Europea, de acordo cos datos de FUNCAS. Obsérvase que:

- Só seis comunidades autónomas superan en 2004 a media da UE–15: Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña, Aragón e Baleares e outras seis (incluíndo no cómputo as cidades autónomas de Ceuta e Melilla) teñen un índice de converxencia no intervalo: 90–100% (A Rioxa, Castela–León, C. Valenciana e Cantabria e as dúas cidades autónomas).
- Por debaixo do 90% están sete comunidades, que ordenadas de maior a menor índice son: Galicia, Castela–A Mancha, Canarias, Asturias, Extremadura, Murcia e Andalucía. Galicia encabeza, xa que logo, este grupo de comunidades clasificadas no terceiro nivel, cun índice 84,10 (nove puntos por baixo do promedio español).
- Nunha visión diacrónica sobrancearemos que este cadro explicita tamén que o avance cara a converxencia de Galicia coa UE–15 foi nesta última década superior en Galicia que na media estatal.

■ Cadro 1.16

Índice de converxencia con Europa. Por habitante en poder de compra. 1995-2004

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Andalucía	58,90	60,09	60,91	60,54	63,66	65,15	67,77	69,57	70,21	71,28
Aragón	90,79	94,37	94,62	94,88	99,19	98,47	102,30	10,03	104,39	104,73
Asturias	71,13	71,88	72,66	72,07	72,42	73,57	76,82	79,01	80,17	80,40
Baleares	103,84	105,24	102,44	101,62	104,57	106,58	104,28	100,97	101,20	101,97
Canarias	75,47	77,05	78,32	77,20	80,40	79,56	80,38	80,27	81,55	82,53
Cantabria	75,22	77,97	78,27	77,90	81,32	82,93	85,81	86,93	88,76	90,14
Cast. A Mancha	73,09	74,84	75,38	74,99	78,72	79,74	81,94	82,37	82,61	83,53
Cast. e León	80,50	82,58	82,96	83,58	87,13	88,91	91,72	94,09	95,84	97,89
Cataluña	95,00	96,93	98,28	98,10	101,49	103,39	106,29	106,75	105,93	105,23
C. Valenciana	78,31	79,25	80,98	79,94	84,62	86,18	88,87	89,42	89,55	90,73
Extremadura	58,16	60,43	60,70	60,96	64,35	67,16	69,44	72,13	74,12	76,10
Galicia	65,83	68,34	70,68	70,91	75,26	75,68	78,96	80,58	82,10	84,10
Madrid	102,59	105,29	108,79	108,23	112,02	112,44	112,22	113,00	113,38	114,85
Murcia	67,37	68,08	69,62	68,85	71,40	72,14	73,57	73,89	73,33	74,00
Navarra	101,09	100,73	103,20	102,17	103,94	106,80	106,86	107,39	107,95	110,02
País Vasco	98,53	100,86	101,86	101,18	103,86	105,65	107,92	110,03	110,91	112,98
A Rioxa	90,05	93,20	94,81	93,97	98,77	97,68	100,09	99,03	98,87	99,79
Ceuta	79,55	79,47	78,22	78,93	82,22	83,65	86,21	90,66	92,40	94,50
Melilla	85,66	87,05	87,16	83,57	88,06	88,06	89,52	92,52	96,20	97,86
España	80,65	82,46	83,84	83,45	86,95	88,20	90,41	91,52	92,07	93,08

Media Eur 15 = 100

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo-abril 2005.

Cómpre subliñar que unha análise máis a fondo da converxencia *real* –que supera os obxectivos deste Informe– debería ter en conta tamén outros factores (como a taxa de paro ou o nivel de desenvolvemento tecnolóxico), o que certamente situaría a Galicia e a España nunha posición de maior diverxencia coa media da UE.

1.3. Crecemento económico e xeración do emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos agora á análise de en que medida o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia e que diferenza hai en relación co que ocorre no conxunto estatal. No apartado terceiro do capítulo 3 tratamos máis polo miúdo o comportamento do emprego en Galicia, desagregado por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc; remitimos a ese epígrafe aos interesados en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

1.3.1. A xeración do emprego en 2004

Un primeiro achegamento á creación de emprego en Galicia (e en cada un das comunidades autónomas) en 2004 vímolos xa, con datos de FUNCAS, no cadro 1.13.

O emprego das distintas comunidades autónomas no último trienio cos datos da EPA (que elabora o INE) presentámoslos no cadro 1.17. Nel comprobábase que:

■ Cadro 1.17

Poboación ocupada ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2002-2004

	Valores absolutos (en miles)			Distrib. porcentual			Variacións anuais					
	2002	2003	2004	2002	2003	2004	Miles			%		
							2002	2003	2004	2002	2003	2004
Andalucía	2.499,9	2.615,2	2.750,3	15,3	15,5	15,9	46,7	115,3	135,1	1,9	4,6	5,2
Aragón	480,0	489,1	501,4	2,9	2,9	2,9	9,0	9,1	12,3	1,9	1,9	2,5
Asturias	377,8	397,0	383,5	2,3	2,4	2,2	11,2	19,2	-13,5	3,1	5,1	-3,4
Baleares	373,4	384,4	398,4	2,3	2,3	2,3	11,5	11,0	14,0	3,2	2,9	3,6
Canarias	748,5	785,4	799,3	4,6	4,7	4,6	21,6	36,9	13,9	3,0	4,9	1,8
Cantabria	210,1	219,8	216,7	1,3	1,3	1,3	-0,8	9,7	-3,1	-0,4	4,6	-1,4
Cast. A Mancha	655,8	666,6	684,6	4,0	4,0	4,0	18,3	10,8	18,0	2,9	1,6	2,7
Cast. e León	938,6	941,5	971,6	5,7	5,6	5,6	16,1	2,9	30,1	1,7	0,3	3,2
Cataluña	2.786,8	2.889,7	2.900,6	17,0	17,1	16,7	25,1	102,9	10,9	0,9	3,7	0,4
C. Valenciana	1.772,3	1.819,4	1.884,1	10,8	10,8	10,9	12,2	47,1	64,7	0,7	2,7	3,6
Extremadura	363,6	375,7	387,1	2,2	2,2	2,2	7,0	12,1	11,4	2,0	3,3	3,0
Galicia	1.087,8	1.104,8	1.142,2	6,6	6,6	6,6	17,8	17,0	37,4	1,7	1,6	3,4
Madrid	2.330,4	2.375,5	2.465,1	14,2	14,1	14,2	27,0	45,1	89,6	1,2	1,9	3,8
Murcia	458,6	481,5	494,9	2,8	2,9	2,9	18,3	22,9	13,4	4,2	5,0	2,8
Navarra	238,2	242,7	250,4	1,5	1,4	1,4	0,5	4,5	7,7	0,2	1,9	3,2
País Vasco	895,3	910,4	918,9	5,5	5,4	5,3	15,3	15,1	8,5	1,7	1,7	0,9
A Ríoxa	111,2	112,7	122,6	0,7	0,7	0,7	-0,4	1,5	9,9	-0,4	1,3	8,8
Ceuta e Melilla	49,0	50,8	51,7	0,3	0,3	0,3	0,0	1,8	0,9	0,0	3,7	1,8
España	16.377,3	16.862,0	17.323,3	100,0	100,0	100,0	256,3	484,7	481,3	1,6	3,0	2,7

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 72 marzo 2005)

- Cos datos do organismo estatístico oficial o crecemento da xeración neta de emprego de Galicia no ano 2004 (3,4%) foi superior ao do conxunto da economía española (2,7%), a diferenza do ocorrido no ano anterior (no que a porcentaxe de creación de emprego estatal case duplicou á galega).
- Ese importante crecemento do emprego galego fixo que a nosa comunidade fose en 2004 a sexta por porcentaxe de xeración de emprego e a cuarta por crecemento absoluto.
- Os 37.400 empregos netos xerados en Galicia en 2004 superan aos creados en Galicia no bienio anterior (34.800).
- Catro comunidades autónomas (Andalucía, Cataluña, C.Valenciana e Madrid) concentran en 2004 un 57,7% do emprego estatal.

I.3.2. Crecemento económico e do emprego a longo prazo

Unha visión comparativa da xeración de emprego a longo prazo en Galicia e no conxunto do Estado figura no cadro 1.18, que resume a creación neta de postos de traballo en valores absolutos e porcentuais desde 1992. Dado o importante cambio metodolóxico da EPA desde o ano 2002 (do que trataremos máis polo miúdo no epígrafe 3.2 deste Informe) presentamos separadamente os datos do período 1992–2001 e os dos últimos anos.

■ Cadro 1.18

Variación do emprego. Galicia/España. 1992-2001/2002/2003/2004

	1992-2001		2002		2003		2004	
	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %
Galicia	-19.800	-2,00	17.800	1,7	17.000	1,6	37.400	3,4
España	2.268.000	18,00	256.300	1,6	484.700	3,0	461.300	2,7

Elaboración propia

Fonte: INE, EPA do 4º trimestre de cada ano

No período 1992–2001 Galicia perdeu emprego neto (19.800, que supón un 2%) mentres que en España creceu un 18% (2.268.000 persoas ocupadas máis). No ano 2002, en cambio, a xeración porcentual de emprego foi semellante nos dous ámbitos territoriais, no 2003 foi case o dobre en España e en 2004 foi superior en Galicia en sete décimas porcentuais.

A creación neta de emprego acumulada do último trienio en Galicia triplica (multiplica por 3,65, para maior exactitude) a perda neta de emprego que sufrira a nosa comunidade na década anterior.

A maior dificultade de transformar o crecemento económico en xeración de emprego en Galicia explíctase co seguimento comparativo entre Galicia e España dos datos do conxunto do período analizado. ¿Hai algunha diferenza importante na estrutura sectorial do emprego dos dous territorios para que Galicia teña maior dificultade para transformar o seu crecemento económico en xeración neta de emprego?

A desagregación por sectores económicos da variación da ocupación desde 1997 que ofrece o cadro 1.19 explicita que o principal factor diferencial neses anos foi a evolución do emprego do sector agro–pesqueiro galego (e moi especialmente do

Variación do emprego. Por sectores económicos. Galicia 1997-2004

■ Cadro 1.19

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Agricultura	-28,1	-6,1	-16,6	6,0	-24,5	-1,8		
Pesca	-2,7	-1,6	8,0	-1,3	-6,8	-5,4		
Subtotal sector agropesqueiro	-30,8	-7,7	-8,6	4,7	-31,3	-7,2	-7,1	-3
Industria	5,8	15,4	0,6	12,4	11,5	8,4	-11	12
Construción	4,1	-2,8	12,3	6,0	9,9	-7,9	-1,5	7
Servizos	27,1	13,9	24,1	11,5	7,7	24,5	36,6	22
Subtotal sect. non primarios	37,0	26,5	37,0	29,9	29,1	25,0	23,1	40
Total	6,2	18,8	28,4	34,6	-2,2	17,8	16	37

Elaboración propia

(1) En miles

Fonte: INE: EPA do 4º trimestre

agrario). De feito, o único ano que subiu o emprego agro–pesqueiro (2000) posibilitou a maior creación de emprego neto na economía galega de 1997 a 2003, e o descenso moi lixeiro de 2004 coincidiu co maior avance do emprego.

Compróbase no cadro que a creación de emprego nos sectores “non primarios” foi continuo e bastante estable (oscilou entre un mínimo de 25.000 e un máximo de 40.000), mentres que a variación da xeración de emprego total é moito maior; e vai da destrución de emprego do ano 2001 á creación neta de 37.000 postos de traballo en 2004; a evolución do emprego agrario é a principal clave explicativa desa última variación.

¿Cal foi, ano por ano, a variación do emprego diferenciada entre os sectores primario e non primarios na economía galega no último cuadrienio do século XX e o primeiro cuadrienio do XXI?

■ En 1997 a suba nos sectores non primarios tivo un notable aumento (37.000 novos ocupados) e foi pouco menor a destrución de ocupación agro–pesqueira (30.800).

■ En 1998 a xeración de emprego neto dos sectores secundario e dos servizos (26.500) foi inferior que no ano anterior; pero a menor perda de emprego agro–pesqueiro (7.700 persoas) fixo aumentar significativamente a ocupación total.

■ En 1999 a xeración de emprego nos sectores secundario e terciario voltou ao nivel de 1997 (37.000) pero desta volta a perda de emprego do sector primario foi moito menor que entón (8.600, pouco máis da cuarta parte) polo que a suba da ocupación foi moi notable.

■ No ano 2000 a creación de emprego nos sectores non primarios foi de 29.900 (7.100 menos que no ano anterior) pero foi positiva a aportación do sector primario (4.700 empregos), o que permitiu acadar a segunda maior suba da ocupación total galega do período analizado.

■ O emprego dos sectores non primarios presentou no ano 2001 un avance semellante ao do ano anterior; pero a fortísima destrución de emprego no sector primario nese ano (a maior do período 1996–2001 en termos absolutos e moi especialmente en termos relativos) produciu a única diminución da ocupación total en Galicia nos sete anos estudados.

■ En 2002 o sector servizos volveu a ser o principal dinamizador do emprego galego (coma en 1997 e 1999) e o sector pesqueiro tivo –no ano que comezaron os efectos económicos e ecolóxicos do *Prestige*– a segunda maior perda do período estudado. O descenso da ocupación na construción provocou que o emprego dos sectores non primarios tivera a segunda menor creación de postos de traballo dos oito anos.

■ En 2003 os servizos acentuaron a forte expansión do ano anterior e foron o único sector xerador de emprego (co mellor dato dos oito anos analizados). A falla de desagregación da perda de emprego agro–pesqueiro entre o sector agro–gandeiro e o pesqueiro impide facer un achegamento preciso aos efectos do *Prestige* na ocupación pesqueira cos datos da EPA.

■ Por último, en 2004 sobrancea a creación de emprego nos tres sectores non primarios (por vez primeira desde 2001) e a mínima perda de emprego agro–pesqueiro. Globalmente produciuse a maior suba da ocupación do período analizado.

1.3.3. Estrutura sectorial do emprego por comunidades autónomas

Presentamos no cadro 1.20 unha visión comparativa da porcentaxe de ocupación en cada sector económico nas diversas comunidades autónomas en 2004. Sobrancearemos que:

- Galicia segue a ser, despois de Estremadura, a comunidade coa maior porcentaxe de persoas traballando no sector agro–pesqueiro, pese á importante redución das últimas décadas. A porcentaxe galega é máis do dobre da española.
- É igual a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia e España na construción e algo maior na industria en Galicia (1,1 puntos porcentuais) mentres que no sector servizos a diferenza é de 7 puntos máis a prol de España (tres décimas menos que no ano anterior).

A diferenciación por sexos do cadro 1.21 reflicte entre outras cousas no tocante ao emprego das mulleres:

Poboación ocupada ⁽¹⁾ por sectores económicos e comunidades autónomas. 2004

■ Cadro 1.20

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	9,3	11,0	14,7	65,1
Aragón	6,5	23,4	9,2	60,9
Asturias	6,6	18,5	11,2	63,8
Baleares	2,1	8,9	14,5	74,4
Canarias	4,7	5,8	15,1	74,4
Cantabria	5,7	20,8	12,6	60,8
Cast. e León	8,0	19,4	12,3	60,2
Cast. a Mancha	9,3	18,8	15,5	56,5
Cataluña	2,3	24,7	10,5	62,4
C. Valenciana	3,6	22,1	12,5	61,8
Estremadura	13,4	11,0	15,1	60,5
Galicia	11,2	19,2	12,0	57,5
Madrid	0,7	14,0	9,6	75,6
Murcia	10,8	17,9	13,7	57,7
Navarra	5,4	29,8	9,6	55,1
País Vasco	1,3	27,7	8,4	62,6
A Ríoxa	6,4	30,6	11,2	51,7
Ceuta e Melilla	0,6	3,2	7,2	89,0
España	5,4	18,1	12,0	64,5

(1) En porcentaxe. Medias anuais
Fonte: INE, EPA

- Que as diferenzas son especialmente acusadas entre as mulleres no sector agro-pesqueiro, no que Galicia ocupa a primeira posición do Estado, cunha porcentaxe superior ao triple da media estatal e moi por riba (5,2 puntos) das comunidades que a seguen (Andalucía e Murcia).
- A escasísima participación da muller no traballo na construción en calquera das comunidades autónomas.

Poboación ocupada ⁽¹⁾. Por sexo, sector económico e comunidade autónoma. 2004

■ **Cadro 1.21**

Homes	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	10,2	13,8	21,9	54,1
Aragón	9,1	29,4	13,8	47,7
Asturias	6,5	26,4	17,0	50,1
Baleares	2,9	11,3	23,6	62,2
Canarias	4,9	7,5	23,7	64,0
Cantabria	5,9	27,1	19,7	47,3
Cast. e León	10,2	24,8	18,6	46,5
Cast. A Mancha	12,0	21,0	22,3	44,6
Cataluña	3,3	30,1	16,8	49,8
C. Valenciana	4,7	26,3	19,5	49,6
Extremadura	17,3	13,0	21,5	48,2
Galicia	10,1	23,5	19,2	47,2
Madrid	1,2	17,7	15,5	65,7
Murcia	12,6	20,7	20,2	46,5
Navarra	6,7	37,8	14,9	40,7
País Vasco	1,6	38,7	13,4	46,2
A Rioxa	8,7	35,2	17,3	38,9
Ceuta e Melilla	0,5	4,0	10,2	85,2
España	6,5	22,4	18,7	52,5

Mulleres	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	7,7	5,8	1,3	85,2
Aragón	2,4	14,2	2,0	81,4
Asturias	6,6	6,2	2,1	85,1
Baleares	1,0	5,6	1,9	91,5
Canarias	4,4	3,2	1,8	90,7
Cantabria	5,3	10,7	1,2	82,8
Cast. e León	4,3	10,2	1,4	84,0
Cast. a Mancha	3,8	14,4	1,9	79,9
Cataluña	1,0	17,3	1,9	79,8
C. Valenciana	1,9	15,7	2,1	80,3
Extremadura	5,7	7,0	2,2	85,1
Galicia	12,9	13,1	1,7	72,3
Madrid	0,1	8,9	1,7	89,2
Murcia	7,7	13,0	2,4	76,8
Navarra	3,5	17,9	1,7	76,9
País Vasco	0,9	11,7	1,1	86,3
A Rioxa	2,7	23,1	1,2	72,9
Ceuta e Melilla	0,7	1,3	0,5	97,5
España	3,7	11,5	1,7	83,1

(1) En porcentaxe. Medias anuais
Fonte: INE, EPA

- Galicia ocupa a última posición na porcentaxe de mulleres que traballan no sector servizos (seguida da Ríoxa).

No emprego masculino, sobrancearemos que o abano das diferenzas sectoriais entre as porcentaxes galega e española son moito menos importantes que nas mulleres; dos dous sectores nas que as diferenzas no emprego feminino eran especialmente importantes respecto da media estatal (agricultura e servizos) conséntase que o diferencial pasa a ser menos da metade no caso dos homes (3,6 puntos fronte a 9,2 das mulleres en agricultura e 5,3 puntos fronte a 10,8 das mulleres nos servizos).

1.4. Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do seu territorio. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tamén a todas as transaccións con orixe ou destino extragalego ou ben tan só a unha parte dese total de transaccións: as que teñen orixe ou destino fóra de España. Este último é o enfoque predominante na literatura económica (e será o que usaremos tamén nós aquí, agás no epígrafe 1.4.2) entre outras cousas (aunque non só) polas maiores facilidades de información estatística (por contar con datos mensuais aportados polo Departamento de Aduanas).

1.4.1. Comercio galego co estranxeiro

A evolución do comercio co estranxeiro de Galicia (ou de España) no ano 2004 viuse afectada negativamente por varios factores, entre os que subliñaremos os seguintes:

- O tipo de cambio do euro continuou a suba que comezara xa o ano anterior e fíxoo de forma importante respecto do dólar, o que afectou negativamente ás nosas exportacións fóra da “área euro”, ao tempo que lle deu pulo ás importacións de fóra da *Eurozona* e encareceu notablemente as importacións nominadas en dólares (petróleo...).
- A crise económica de varios estados europeos (como Alemaña, Portugal ou Italia), xunto á crecente penetración nos mercados internacionais de China (xa integrada na OMC) tiveron unha nítida repercusión negativa no noso comercio internacional.
- O forte aumento do prezo dos combustíbles minerais (petróleo...) encareceu moito a factura das nosas importacións e contribuíu ao déficit comercial de Galicia en 2004. A factoría de Repsol na Coruña gastou nese ano un 13,5% máis nas importacións de cru petrolífero que en 2003; o petróleo é un dos produtos que máis contribúen ao noso déficit comercial (podemos estimar a súa achega deficitaria en case 1.300 millóns de euros no último ano).
- A maior suba da inflación en Galicia (ou no conxunto do estado) que na media dos estados da UEM desde a implantación do euro implicou unha perda de competitividade das nosas exportacións tamén na “Eurozona” (que é a receptora prioritaria das nosas vendas).

I.4.1.1. Exportacións, importacións e saldo comercial

A análise trimestral dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española do ano 2004 podemos facelo ao fío do cadro I.22; podemos apreciar nel a evolución das exportacións, as importacións e o saldo comercial (valor das exportacións menos o das importacións). Constatase que:

- O comercio exterior galego tivo unha evolución moi irregular ao longo do ano. O forte crecemento das exportacións do primeiro trimestre non se repetiu nos seguintes (mesmo diminuíron no segundo trimestre) mentres que as importacións tiveron subas de dous díxitos nos trimestres segundo e cuarto.

- Como consecuencia desas variacións das exportacións e das importacións, o superávit do primeiro trimestre transformouse en déficit nos outros tres trimestres, con valores que roldan os 200 millóns de euros en cada un deles.

O gráfico amosa a evolución do saldo comercial galego co estranxeiro nos últimos sete anos. Salientaremos que:

- Galicia case duplicou o seu déficit comercial en 2004 e acadou nese ano o peor rexistro do último cuadrenio.

- Só nun ano (en 2002) presentou superávit comercial a balanza que mide os nosos intercambios comerciais co estranxeiro.

Con todo, cómpre subliñar que o déficit comercial galego representa tan só un 0,81% do total español (que en 2004 tivo o maior déficit da última década: 60.670 millóns de euros). Galicia é a sétima comunidade autónoma por volume das exportacións e, dentro delas, é a terceira con mellor saldo comercial (por detrás de C.Valenciana e País Vasco), pero non entra no grupo das sete comunidades que teñen superávit comercial en 2004 (Navarra, País Vasco, A Rioxa, Aragón, C.Valenciana, Castela-León e Estremadura).

A provincia de Pontevedra segue a ser o auténtico motor de explosión das exportacións galegas, posto que o valor das súas vendas ao estranxeiro (66% do total galego) dobra á suma das outras tres provincias, e consolidouse en 2004 como a cuarta provincia española por exportacións e unha das que ten maior superávit comercial (con 992 millóns de euros).

Comercio exterior. Por trimestres. Galicia 2004


■ Cadro 1.22

	I T.	II T.	III T.	IV T.
Exportacións ⁽¹⁾	11,8	-0,5	4,7	7,0
Importacións ⁽¹⁾	4,5	11,2	3,7	10,5
Saldo comercial ⁽²⁾	173	-252	-199	-212

(1) En porcentaxe de variación

(2) Sen deflactar. En millóns de euros

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM



1.4.1.2. A taxa de cobertura do comercio galego co estranxeiro.

A evolución da **taxa de cobertura** (ou porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) nos últimos sete anos, con desagregación por trimestres no último trienio, pódese ver no cadro 1.23. Nel destacaremos que:

- No ano 2002 (o último no que Galicia tivo superávit comercial) a taxa de cobertura do comercio exterior galego presentou unha melloría espectacular no primeiro trimestre (que veu sumarse ao continuo ascenso do cuadrienio anterior) e situouse nun valor certamente histórico: 112,3%. O decrecemento continuado nos outros tres trimestres fixo que no cuarto baixara de novo do nivel 100 (que é o que marca o equilibrio entre o valor das exportacións e o das importacións).
- No ano 2003 a importante mellora do saldo comercial no primeiro semestre (especialmente no primeiro trimestre) non tivo continuidade no segundo semestre, e a balanza comercial volveu á súa situación tradicional de déficit (e, xa que logo, a taxa de cobertura por baixo do nivel 100) anque moi por riba da taxa de cobertura estatal (74,6%).
- A forte suba da taxa de cobertura no primeiro trimestre de 2004 rachou xa no segundo e quedou desde entón estabilizada ao longo do ano ao redor do 92% (oito puntos por baixo do equilibrio do comercio exterior). A taxa de cobertura galega supera actualmente a estatal en 21,3 puntos.

■ Cadro 1.23

Taxa de cobertura. Galicia 1998-2004

	1998	1999	2000	2001	2002				2003				2004			
					1 T.	2 T.	3 T.	4 T.	1 T.	2 T.	3 T.	4 T.	1 T.	2 T.	3 T.	4 T.
T. cob. (%)	86,3	90,1	93,4	98,9	112,3	107,4	104,1	94,5	100,1	102,3	92,2	95,6	107,0	91,5	92,6	92,5

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

1.4.1.3. Distribución por produtos

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do comercio intraindustrial reflítese coa comparanza dos cadros 1.24 e 1.25, pois constátase que coinciden sete dos dez primeiros capítulos arancelarios nas exportacións e máis nas importacións.

Na análise das **principais mercancías exportadas** por Galicia sobrancearemos;

- A notable estabilidade: os dez capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior e que en 2002, anque certamente con algún cambio na orde en 2004 (intercambian os seus postos, *barcos con preparados de carne ou peixe* e máis *combustibles minerais con máquinas*).
- Que se dá nas vendas galegas ao estranxeiro un grao de **concentración sectorial** moi elevado, xa que ao redor do 60% (un 59,3%) concéntrase nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro 1.24; isto conleva un risco: maior **vulnerabilidade** que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas.

-Aínda coa diminución de 2,5 puntos respecto do ano anterior, en 2004 as exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2004

■ Cadro 1.24

	Exportacións	Miles de euros	% (1)	TVI % (2)
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	4.583.317	43,8	-0,3
2	Peixes, crustáceos e moluscos	811.631	7,8	3,8
3	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	805.136	7,7	19,6
4	Prendas e complementos de vestir de punto	467.818	4,5	12,0
5	Preparados de carne e de peixe	296.937	2,8	2,6
6	Manufacturas de pedra, xeso e cemento	296.453	2,8	-5,2
7	Barcos e demais artefactos flotantes	293.775	2,8	-17,6
8	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	232.228	2,2	24,3
9	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	225.797	2,2	23,8
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	203.712	1,9	10,0
	Resto de produtos	2.242.995	21,4	13,5
	Total	10.459.799	100,0	5,0

(1) Porcentaxe de participación no total das exportacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

Principais capítulos de importación. Galicia. 2004

■ Cadro 1.25

	Importacións	Miles de euros	% (1)	TVI (2)
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	2.826.624	25,8	3,9
2	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	1.512.724	13,8	12,9
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.293.361	11,8	-4,7
4	Fundición, ferro e aceiro	571.712	5,2	43,2
5	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	461.846	4,2	-4,3
6	Prendas e complementos de vestir de punto	426.525	3,9	10,3
7	Produtos farmacéuticos	397.522	3,6	7,8
8	Reactores nucleares, caldeiras e máquinas	354.289	3,2	-17,6
9	Madeira, carbón vexetal e manufacturas da madeira	304.167	2,8	6,3
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	267.121	2,4	22,3
	Resto de produtos	2.534.465	23,1	12,3
	Total	10.950.356	100,0	6,9

(1) Porcentaxe de participación no total das exportacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

sector: O 78% destas vendas ao estranxeiro corresponden a automóviles e o 22% restante a compoñentes para automóviles, sector este que vai gañando posicións nos últimos anos (en 2004 as 57 industrias de pezas para automóviles subiron un 19% as exportacións mentres que PSA Peugeot Citroën reduciunas nun 6,6%).

- A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase moi especialmente en tres apartados: *transporte* (terrestre e marítimo), *téxtil* e o vencellado cos recursos naturais (*peixes, preparados de carne e peixe, pedra, madeira*).

- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, sobrancean especialmente tres apartados: *madeira, combustibles minerais* e *téxtil* (certificando un ano máis o crecemento protagonismo, este último sector, no conxunto da economía galega, mesmo coas dificultades que a crecente competencia internacional está xerando).

- No tocante ao maior descenso porcentual interanual (*barcos*), cómpre non esquecer que anque a construción dun buque é unha actividade plurianual, a súa contabi-

lización nun exercicio concreto fai dispararse nese ano o valor das exportacións (como ocorreu en 2003, no que se contabilizou unha venda a Liberia por valor de 133,7 millóns de euros), co que no seguinte ano é doado atopar diminucións porcentuais importantes.

Na análise **das principais mercancías importadas** por Galicia sobrancearemos, ao fío do cadro I.25;

- A estabilidade: os dez capítulos do arancel con maior valor das importacións son os mesmos que no ano anterior e que en 2002, anque certamente con varios cambios de posición (sobrancearemos a suba ao segundo posto dos *combustibles minerais*, nun ano de forte suba do cru petrolífero e de depreciación do euro respecto do dólar).
- Que se dá nas nosas compras no estranxeiro un grao de **concentración sectorial** moi elevado, xa que en 2004 máis da metade do importe total das nosas importacións (exactamente un 51,4%) produciuse nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro I.26; con todo, esa concentración é inferior en dous puntos á do pasado ano e en oito puntos á das nosas exportacións en 2004.
- As importacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro apartado, e practicamente dobra ao segundo; a maior parte destas compras corresponden a compoñentes para automóviles, necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën; velaí un bo exemplo de *comercio intrafirma*.
- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, sobrancean especialmente tres apartados *das importacións de Galicia*: *ferro e aceiro, máquinas— material eléctrico e combustibles minerais*.

I.4.1.4. Distribución xeográfica

A distribución por estados das exportacións galegas (cadro I.26) constata que os sete primeiros clientes de Galicia son en 2004 os mesmos que no ano anterior (trocando a súa posición Reino Unido con Italia e máis Bélxica cos Países Baixos) e membros todos eles da UE. Das outras tres posicións, saen da oitava e da novena respectivamente Estados Unidos e Grecia e entran nos seus postos Noruega e Turquía.

Os dous cambios máis destacados do último ano son, ao noso entender:

- A notable suba das nosas exportacións a Francia (53,7%) e Marrocos (26,5%); a primeira serviu para consolidar a Francia na cabeza desta clasificación (cun terzo do valor das nosas exportacións totais) e debeuse especialmente ao sector da automoción (que cunha suba no último ano do 69,4% levou a que sexan xa un 79,8% do valor das exportacións totais a Francia).
- A forte diminución (ao redor do 37%) das nosas exportación a dous estados “socios da eurozona” que adoitan estar entre os nosos cinco primeiros clientes: Reino Unido e Alemaña.

Polo máis, os dez primeiros clientes seguen a concentrar en 2004 case un 79% do valor total das nosas vendas ao exterior (cunha suba de tan só unha décima respecto do ano anterior); os dous primeiros (Francia–Mónaco e Portugal) conxuntamente supoñen un 50,7% do importe das nosas exportacións (cunha fortísima suba respecto do ano anterior: 10,9 puntos porcentuais).

Principais estados clientes de Galicia. 2004

■ Cadro 1.26

	Miles de euros	% (1)	TVI (2)
1 Francia e Mónaco	3.498.684	33,4	53,7
2 Portugal	1.804.889	17,3	6,5
3 Italia	700.751	6,7	-20,5
4 Reino Unido	643.884	6,2	-36,9
5 Alemaña	418.421	4,0	-36,8
6 Países Baixos	327.957	3,1	-14,9
7 Bélxica	273.546	2,6	-29,5
8 Noruega	195.884	1,9	-
9 Turquía	193.516	1,9	-
10 Marrocos	182.290	1,7	26,5
Resto de países	2.219.977	21,2	-11,4
Total	10.459.799	100,0	5,0

(1) Porcentaxe de participación no total das exportacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

Nos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro 1.27 que:

- Dos dez estados que encabezaban esta clasificación en 2003, os oito primeiros son os mesmos (cambiando as súas posicións Reino Unido con Italia e México con Noruega), ascende un posto Suecia e entra Libia en vez de Arxentina.

- A diferenza do que ocorría cos clientes, non son da UE os sete primeiros provedores, senón os cinco primeiros (máis o noveno). As importacións de cru petrolífero para a factoría Repsol son a causa principal de que figuren nesta clasificación estados como Libia, México ou Noruega.

- Os tres estados aos que máis lles mercamos son os mesmos que encabezan a clasificación dos nosos clientes principais —e pola mesma orde—; o cuarto e o quinto tamén son os mesmos, pero en distinta posición. Todos eles son membros da Unión Europea.

- Respecto do visto cos estados clientes, é menor a concentración territorial, xa que os dous primeiros clasificados non chegan a concentrar a metade do valor total das

Principais estados provedores de Galicia. 2004

■ Cadro 1.27

	Miles de euros	% (1)	TVI (2)
1 Francia e Mónaco	2.743.021	25,0	3,0
2 Portugal	1.336.059	12,2	21,7
3 Italia	531.534	4,9	21,3
4 Alemaña	519.320	4,7	10,3
5 Reino Unido	499.369	4,6	-11,3
6 EEUU	470.248	4,3	14,3
7 Noruega	409.170	3,7	26,6
8 México	355.155	3,2	5,3
9 Suecia	274.737	2,5	19,4
10 Libia	252.940	2,3	-
Resto de países	3.558.803	32,5	-4,0
Total	10.950.356	100,0	6,9

(1) Porcentaxe de participación no total das exportacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

nosas importacións (hai que sumar os cinco primeiros países). A diversificación do importante volume de importacións dos *combustibles minerais* é unha das razóns.

- Na comparanza co ano anterior, baixou o valor das importacións do Reino Unido (11,3%), mentres que os maiores aumentos tiveronos Noruega (26,6%) e Portugal (21,7%).

I.4.2. Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a elas como comercio exterior *total*. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou mesmo indirectamente pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou facelo só das transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación dos indicadores cos que adoitan avaliarse as relacións comerciais dun país (saldo comercial, taxa de cobertura, grao de apertura, etc). Concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o lixeiro déficit que Galicia ten nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos todo o comercio fóra de Galicia.

Saldo exterior (estranxeiro e comunidades autónomas). Por CCAA. 2004

■ Cadro 1.28

	Comunidades con saldo exterior positivo (estranxeiro e autonomías)			Comunidades con saldo exterior deficitario (estranxeiro e autonomías)	
	Saldo (1)	% do PIB pm		Saldo (1)	% do PIB pm
Cataluña	6.947,0	4,26	Andalucía	-12.552,1	10,59
Madrid	3.454,3	2,36	Castela e León	-6.382,1	12,69
C. Valenciana	2.803,2	3,06	Galicia	-5.998,3	12,55
País Vasco	1.671,9	3,13	Castela A Mancha	-5.545,7	17,90
Baleares	1.307,0	6,13	Extremadura	-4.853,9	30,42
Navarra	887,4	6,12	Canarias	-3.190,7	9,12
A Rioxa	58,9	0,88	Asturias	-2.209,7	11,96
			Murcia	-2.179,5	10,45
			Aragón	-1.441,0	5,33
			Cantabria	-1.069,3	10,18
			Melilla	-715,0	54,17
			Ceuta	-621,4	44,76
Total	17.225,0	3,45	Total	46.854,0	-12,39

(1) En millóns de euros

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica. Marzo-abril 2005

No cadro 1.28 podemos comprobar o saldo exterior *total* (sumando neste caso o comercio internacional e mailo comercio coas outras comunidades autónomas do estado español). Compróbase nel que:

- Sete comunidades rexistraron en 2004 un saldo positivo: Cataluña, Madrid, C. Valenciana, País Vasco, Baleares, Navarra e A Rioxa. A única variación na orde respecto do ano anterior é o intercambio de posicións entre País Vasco e C. Valenciana.

- Entre as doce comunidades (e cidades autónomas) que presentan un saldo negativo, Galicia é a terceira en valor absoluto (cedéndolle a Castela-León a segunda posición que ocupaba o ano anterior).

- Na porcentaxe do déficit do saldo exterior *total* sobre o seu PIB e, sen contar Ceuta e Melilla (con déficits moi altos por razóns moi específicas derivadas do seu emprazamento xeográfico e de seren núcleos urbanos) Galicia ocupa (cun 12,55%) a cuarta posición entre as dez comunidades autónomas, por detrás de Estremadura, Castela-A Mancha e Castela-León. A porcentaxe do saldo deficitario de Galicia en 2004 é case medio punto menor que no ano anterior; mentres que a media da porcentaxe das doce comunidades con saldo deficitario subiu case oito décimas.

Se comparamos os datos deste cadro cos do cadro I.10 podemos comprobar que hai unha clara relación directa entre o saldo exterior *total* e a riqueza relativa dunha comunidade (medida por exemplo co PIB por habitante en PPA que figura no cadro I.10). Na análise dos dous cadros citados sobrancea que:

- As seis comunidades cun maior índice de riqueza relativa son, por orde de maior a menor: Madrid, Navarra, País Vasco, Baleares, Cataluña e A Rioxa; todas elas figuran entre as sete comunidades que tiveron un saldo exterior *total* positivo en 2004.

- As de menor índice de riqueza relativa son, tamén de maior a menor riqueza: Castela-León, Murcia, Asturias, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, Castela-A Mancha, Galicia, Andalucía, Estremadura; as nove son precisamente as comunidades que tiveron en 2004 un saldo exterior *total* deficitario superior ao 10% do PIB.

Cómpre non esquecer estas “*balanzas comerciais*” *totais autonómicas* á hora de negociar o novo marco de financiamento das comunidades autónomas, pois nas “*balanzas fiscais*” deficitarias (tan sacadas a relucir polos responsables dalgunha comunidade) posiblemente estea a mínima contrapartida que en concepto de solidariedade adoita existir nos *estados do benestar* para compensar; cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas e que ademais financian (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

1.5. Ampliación da Unión Europea e reordenación de fondos comunitarios. Globalización e deslocalización

Entre as sombras que pesan sobre a economía galega cómpre non perder de vista dúas: a posible perda de fondos europeos e a deslocalización (que episodios como o da empresa Valeo veñen a poñer moi de actualidade).

1.5.1. Ampliación da UE e reordenación de fondos comunitarios

Aludimos no pasado Informe Sociolaboral a un informe do CEPREDE (Centro de Predicción Económica) que estudou as repercusións previstas para cada unha das comunidades autónomas pola ampliación da UE en maio de 2004. Segundo ese informe, Galicia será a comunidade autónoma máis prexudicada por esa ampliación da Unión Europea; sobrancearemos algunhas cousas dese Informe:

- Os dez novos membros da UE representan un 4,5% das exportacións galegas e un 2,4% das nosas importacións. Cómpre aumentar o fluxo exportador de Galicia cara estes estados para compensar na balanza comercial a posible perda de mercado na Unión Europea derivada da maior competitividade dos novos “socios”.

- No *ranking* de dependencia exportadora da Unión Europea, Galicia é a terceira comunidade autónoma (só por detrás de Estremadura e Castela–León, que tamén teñen un desenvolvemento económico inferior á media estatal). E si esto nos favoreceu en plena revalorización do euro (porque non afectou negativamente ás nosas exportacións na “eurozona”) pode prexudicarnos nos anos vindeiros, nos que parten de mellor posición as comunidades cunha maior diversificación xeográfica das súas exportacións (como Canarias, Baleares, Andalucía, Madrid ou Murcia).

- Descende a inversión estranxeira nas comunidades periféricas da UE–15 (como a galega) e aumenta nos novos estados da UE, que adoitan ter custos laborais moito máis baixos e unha elevada produtividade.

Cómpre non esquecer unha das importantes consecuencias da ampliación da UE: a reordenación dos fondos comunitarios de axuda ao desenvolvemento económico–social dos territorios de menor índice relativo de PIB (en PPA). Aínda no caso de seguir formando parte Galicia das “rexións” *obxectivo 1*, parece evidente que as maiores axudas serán para as zonas xeográficas de menor renda por habitante (fundamentalmente dos novos estados da UE).

A redistribución de fondos europeos a partir de 2007 vai ter un notable impacto en Galicia, tendo en conta que na última década España recibiu da UE o equivalente a máis dun 1% do PIB estatal en cada ano, e en Galicia –comunidade incluída como “*obxectivo 1*”– esa porcentaxe foi loxicamente maior. No período 2000–2006, Galicia foi a segunda comunidade autónoma pola obtención de fondos estruturais (con 3.430 millóns de euros) e ademais entrou no reparto dos 11.160 millóns de euros do fondo de cohesión (que desde 2007 desaparecerán porque España xa superou o limiar do 90% en PIB por habitante en PPA que establece a normativa comunitaria).

Anque a suba nos últimos anos do PIB por habitante galego non se debe só ao noso crecemento económico real, senón que en boa medida obedece a cuestións demográficas (pola menor suba poboacional) e estatísticas (elevouse ao entrar os dez novos estados na UE, polo seu menor PIB por habitante), o certo é que segundo os datos máis recentes de Eurostat o PIB por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en relación ao promedio da UE–15 estase a mover ao redor da “estreita liña vermella” (o limiar do 75%) que establece a normativa comunitaria para acceder aos fondos da UE como “*rexión obxectivo 1*” e a perda –anque sexa gradual– deses fondos está xa no horizonte.

Para non minusvalorar a importancia da posible perda do acceso aos fondos comunitarios nas condicións nas que actualmente temos, hai que lembrar que o 62% dos ingresos de capital da Xunta de Galicia proceden da UE (ao igual que Estremadura); só nunha comunidade autónoma (Murcia, cun 68%) é maior esa porcentaxe, e xa moi de lonxe veñen Andalucía (51%), Asturias (41%) e Castela–A Mancha (35%).

Un estudo de 2004 do *Instituto de Estudios Fiscais* cuantificou o impacto en Galicia da reordenación dos fondos comunitarios do seguinte xeito para o período 2007–2011:

■ No caso de suprimirse, a Xunta de Galicia deixaría de percibir case 3.000 millóns de euros nese quinquenio, ou o que é o mesmo, tería un 56% menos en diñeiro para inversións cada ano.

■ Se quedase reducido á metade o importe dos fondos comunitarios que recibe Galicia, a Xunta deixaría de ingresar case 1.600 millóns de euros no quinquenio sinalado, o que supón máis dun tercio do diñeiro total que destina a inversión.

Nese estudo non se cuantifica a diminución do PIB galego derivado da redución da inversión pública (debido ao “efecto multiplicador” da inversión) pero, sen dúbida, os efectos inducidos son moi relevantes para a nosa economía. Cómpre non esquecer, ademais, que:

■ Unha boa parte da inversión estatal en Galicia depende dos fondos que recibe España da UE e que teñen unha xestión centralizada no goberno español.

■ A recadación total dos tributos transferidos á Xunta de Galicia representa actualmente un 7% do PIB galego, mentres que o diñeiro que recibe Galicia dos fondos e subvencións da UE ou do goberno central supón un 12% do noso PIB.

Á vista do horizonte de diminución dos ingresos galegos vía UE parece urxente ir traballando na reforma do Fondo de Compensación Interterritorial para:

■ Incrementar notablemente a súa dotación, para –cando menos– compensar o baleiro que deixarán os fondos da UE.

■ Cambiar o criterio de selección das comunidades beneficiarias, potenciando máis o transvase de fondos ás comunidades cun menor PIB por habitante, para asegurar o cumprimento do principio constitucional de solidariedade recollido nos artigos 138.1 e 158.2; isto pode ser moito máis importante aínda á vista da presión dalgunha comunidade autónoma para o cambio do modelo de financiamento autonómico actualmente vixente (cambio que podería reducir substancialmente os ingresos de Galicia ao diminuír o saldo positivo da súa balanza fiscal).


1.5.2. Inversión directa estranxeira. Globalización e deslocalización

Os novos socios da UE presentan uns custos laborais moi inferiores aos de Galicia (en estados como Letonia, Lituania, Estonia, Eslovaquia, Hungría ou a República Checa podemos avaliar o custo laboral por hora traballada ao redor do 40% do promedio galego). É previsible, xa que logo, que coa desaparición das barreiras arancelarias se faga moito máis patente o aproveitamento de “vantaxes comparativas” deses países (como a salarial ou a súa “renda de situación”) e aumente o seu atractivo para a *localización* de novas empresas.


As inversións directas estranxeiras (IDE) en Galicia están sendo mínimas nos últimos anos; están no nivel máis baixo da última década. As cifras do Rexistro de Inversións Exteriores (do Ministerio de Industria) constatan, unha vez deducida delas a inversión da empresa cementeira portuguesa CIMPOR en Estremadura e Andalucía en 2004, que ese organismo computa en Galicia, que a inversión directa estranxeira en Galicia en 2003 ou 2004 (ao redor dos 34 millóns de euros) representa tan só un 7% da que houbo no ano 2002 e aínda menos se facemos o cálculo sobre a media dos exercicios 2000 a 2002.

Na comparanza co total estatal, tamén sobrancea a escasísima importancia relativa da inversión directa estranxeira que está a recibir Galicia. A xa escasa participación galega no primeiro bienio do século XXI (1,5%, a cuarta parte das medias do noso peso poboacional ou en PIB) viuse reducida á tan só un 0,37% no bienio 2003–2004. O posto *peri-férico* de Galicia na obtención destes fondos é hoxendía especialmente evidente.

**Inversións directas (en millóns de euros)
Estranxeira en Galicia**



Galicia no estranxeiro



Precisamente por iso se fai especialmente difícil entender que varias empresas que queren investir en Galicia non podan facelo (e varias delas se instalen no norte de Portugal) pola falla de chan industrial nas áreas de Vigo e A Coruña, zonas nas que hai unha demanda de parcelas nos polígonos industriais que triplica o espazo dispoñible, o que creou unha “lista de espera” de máis de 300 empresas.

A atracción da inversión directa estranxeira foi crucial para Galicia xa desde hai case medio século, data a partir da cal se integrou progresivamente na estrutura de mercado das empresas multinacionais, e na actualidade máis do 10% das persoas asalariadas de Galicia traballan en empresas vencelladas a grupos con capital estranxeiro. O exemplo da instalación de Citroën en Vigo en 1957 amosa moi ben a **distribución internacional da produción** (coa elaboración de fases dun produto ou a participación en procesos integrados), tivo un efecto moi dinamizador da economía galega (especialmente evidente no estudo do comercio co estranxeiro, como xa vimos no epígrafe 1.4) e deu pulo a máis de cincuenta empresas de compoñentes para automóviles que hoxe se agrupan no seu propio *clúster*. Aparte do “efecto arrastre” sobre o resto do tecido empresarial galego, cómpre non esquecer que esta inversión supuxo unha importante achega á suba do noso stock de capital produtivo.

Pola outra cara da moeda (**as inversións galegas directas no estranxeiro**), as cifras do Rexistro de Inversións Estranxeiras constatan a crecente **internacionalización** das empresas galegas. En 2004 a inversión directa no estranxeiro das nosas empresas situouse en 458 millóns de euros (case 14 veces máis que as IDE en Galicia nese ano), máis do dobre que en 2003 e un dos valores máis altos da última década (superada só polos valores dos anos 1999 e 2002).

Hai que ter en conta que, anque a internacionalización das empresas galegas é relativamente recente (un 85% da inversión empresarial galega no estranxeiro produciuse no último quinquenio) na actualidade as **empresas multinacionais galegas** empregan xa a 20.000 persoas fóra de España, e máis da metade foron contratadas

en establecementos abertos no último quinquenio. No bienio 2004–2005, oito empresas galegas teñen previstas inversións no estranxeiro por un importe duns 590 millóns de euros; son: Rodman Polyships, Dalphimetal, Copo, Viza, Ence, Koala, Hermasa e Madeiras Iglesias; os seus proxectos inversores inclúen a instalación de fábricas en estados da UE (como Eslovaquia, Polonia, República Checa ou Portugal) e noutros de distintos continentes (como Marrocos, Uruguai ou China).

Estas empresas veñen a seguir a andaina aberta xa nas dúas décadas anteriores por Pescanova e continuada por outras como Inditex, Fadesa, Fenosa, Adolfo Domínguez, Calvo ou Losán. A pesca é (cuns 600 millóns de euros) o sector galego que máis investiu no estranxeiro, seguido dos sectores eléctrico, automóbil, téxtil, conservas e madeiras.

A **globalización** liberou en boa parte a localización dalgunhas actividades produtivas da súa dependencia de factores territoriais e a **deslocalización** empresarial (especialmente a industrial) vai avanzando nos últimos anos ao longo do mundo. Algunha comunidade autónoma puxo en marcha xa proxectos para dificultar a deslocalización empresarial, nos que a devolución das axudas públicas ao establecemento desas empresas é un dos puntos clave para procurar evitar o peche (e mesmo a redución) das actividades produtivas que se están a desenvolver nese territorio.

As industrias téxtil, alimentaria, madeireira, mineira e de construción naval están a ser das máis afectadas pola deslocalización industrial, que pon en risco de desaparición decenas de miles de postos de traballo en Galicia nos anos vindeiros. Evitar o transvase de actividades produtivas cara outras localizacións esixe unha aposta clara pola mellora da produtividade, verdadeiro pilar sólido da competitividade internacional dos países desenvolvidos economicamente; o fomento da inversión en capital humano e a potenciación da I+D+i son, desde logo, bos xeitos de contrarrestar outras vantaxes comparativas de estados menos desenvolvidos (como moi ben demostrou Irlanda desde o seu ingreso na UE).

Pero no todo son ameazas (como a que está a sufrir moi claramente o sector téxtil pola crecente competitividade exterior); a entrada na UE dos dez novos estados (doce en 2007), coas fortes axudas que van recibir dos fondos comunitarios, posibilitará un aumento da renda por habitante que abrirá novas oportunidades para as empresas galegas que saiban aproveitar ben as vantaxes asociadas ao maior desenvolvemento económico–social deses países e á desaparición de barreiras arancelarias que erguían muros dificilmente franqueables polas nosas empresas (como a tarifa arancelaria superior ao 30% para algunhas conservas).

1.6. Evolución dos prezos, salarios e gasto

1.6.1. A inflación

A taxa de inflación rexistrada en 2004 en Galicia (3,3%) superou á estatal nunha décima e rexistrou un importante crecemento respecto do ano anterior (1 punto), como se ve no cadro 1.29; esta taxa de inflación está moi por riba da previsión oficial e da suba media na Unión Europea. A comunidade autónoma na que máis subiu o IPC foi Cataluña (3,6%) e na que menos subiu foi Canarias (2,5%); subiron os prezos máis que en Galicia en Cataluña, C.Valenciana, Castela–A Mancha e Ceuta–Melilla (3,4% nas tres últimas).


Cadro 1.29

 Taxa de variación do IPC ⁽¹⁾. Galicia/España. 1997-2004

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Galicia	1,9	1,4	3,2	3,7	2,6	4,3	2,3	3,3
España	2,0	1,4	2,9	4,0	2,7	4,0	2,6	3,2

(1) De decembro a decembro

Fonte: INE, IPC decembro de cada ano



A revalorización do euro respecto do dólar favoreceu a contención da inflación, mentres que a evolución doutra variable que se fixa internacionalmente (o prezo de cru petrolífero) tivo o efecto contrario. A **inflación subxacente** (que é a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou tres décimas por baixo da suba do IPC xeral tanto en Galicia coma no conxunto do estado, como se ve no cadro 1.30, no que se comproba tamén a fortísima suba dos combustíbeis e dos produtos enerxéticos (e moito máis intensa en Galicia que en España).

A información do cadro 1.31 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e da súa taxa de variación no ano 2004 en Galicia e España; obsérvase nel que o comportamento dos prezos no pasado ano foi descendente só nas *comunicacións* nos dous ámbitos territoriais (e tamén en *ocio e cultura* en España), mentres que os cinco grupos máis inflacionistas (por riba do 3%) foron en Galicia, por esta orde, *transporte*, *vivenda*, *hostalería-restauración*, *bebidas alcohólicas-tabaco* e *ensino* (en España os mesmos, anque en distinta orde a partir do segundo). En seis grupos de gasto os prezos en Galicia tiveron unha evolución máis desfavorable que no conxunto de España mentres que nos outros seis ocorreu o contrario.

Cómpre non esquecer que a evolución do IPC non recolle as variacións debidas á suba do prezo da vivenda (anque si a dos alugueiros) e que a vivenda subiu nos últimos anos moitísimo máis que o índice de prezos ao consumo: a taxas de dous díxitos. Concretamente en 2004 a suba do prezo da vivenda en Galicia, anque certamente menor que a estatal, foi do 11,74% (1,2 puntos por riba do crecemento do ano 2003 e 3,5 veces máis que o crecemento do IPC galego). Tendo en conta que o pago da hipoteca é o primeiro capítulo de gastos dos fogares galegos, a conclusión sobre a suba *real* do custo da vida parécenos ben evidente.

O estudo realizado polo Ministerio de Economía e Facenda para o seguimento da evolución dos prezos de trinta alimentos frescos no último bienio tamén constatou que a maioría deles subiron máis dun 10%, porcentaxe que representa máis do dobre que o que computa para este grupo de gasto a variación do IPC.

O cadro 1.32 reflicte a desagregación por provincias no último ano da evolución do IPC. A provincia da Coruña foi a que tivo unha maior suba dos prezos e a de

Variación do IPC ⁽¹⁾ por grupos especiais. Galicia e España. 2004

■ Cadro 1.30

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	Galicia	3,0
	España	2,9
IPC servizos (con aluguer de vivenda)	Galicia	4,1
	España	3,8
IPC carburantes e combustibles	Galicia	11,7
	España	9,8
IPC produtos enerxéticos	Galicia	9,1
	España	7,6

(1) En taxa de variación interanual (decembro 2004 sobre decembro 2003)
Fonte: INE, IPC decembro 2004

IPC e taxa de variación do IPC ⁽¹⁾ por grupos de gasto. Galicia e España. 2004

■ Cadro 1.31

Grupos de gasto	Galicia		España	
	Índice	% variación	Índice	% variación
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	113,3	2,5	114,7	3,0
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	114,1	4,8	115,9	5,5
3. Vestido e calzado	121,3	1,8	118,8	2,1
4. Vivenda	111,7	5,2	110,5	4,1
5. Enxoval	108,6	2,2	106,9	1,8
6. Medicina	107,7	0,7	105,6	0,2
7. Transporte	110,2	6,6	109,9	6,0
8. Comunicacións	92,5	-0,9	93,0	-0,7
9. Ocio e cultura	104,0	0,4	103,3	-0,1
10. Ensino	116,7	4,0	116,4	4,2
11. Hoteis, cafés e restaurantes	116,5	4,9	116,0	4,2
12. Outros	110,2	2,3	111,3	2,8
Total	112,2	3,3	111,7	3,2

(1) De decembro 2003 a decembro 2004
Fonte: INE, IPC decembro 2004

Taxa de variación do IPC ⁽¹⁾. Por provincias. 2003-2004

■ Cadro 1.32

	2003	2004
A Coruña	2,6	3,6
Lugo	1,9	3,3
Ourense	2,2	3,2
Pontevedra	2,3	3,0
Galicia	2,3	3,3

(1) De decembro 2003 a decembro 2004
Fonte: INE, IPC decembro 2004

Pontevedra a menor: Dúas provincias (A Coruña e Lugo) superaron a inflación española en 2004; só dúas provincias (Barcelona e Huesca) e unha cidade autónoma (Melilla) superaron a inflación da Coruña.

I.6.2. Os custos laborais

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística realizada polo INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que Eurostat solicitou aos países da área euro co obxectivo de medir o potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros. Unha das súas aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e máis outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro 1.33 recolle o custo laboral (por traballador/mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do estado) no ano 2004. Compróbase que:

■ En Galicia o *custo laboral por traballador e mes* é un 85,8% do estatal; creceu no último ano 0,8 puntos menos que no promedio español (e non debemos esquecer que xa en 2003 medrara 1,4 puntos menos): foi unha das cinco comunidades nas que a suba foi inferior ao 2% (con Aragón, C. Valenciana, País Vasco e A Rioxa) e cómpre lembrar que en 2003 foi, despois de Canarias, a comunidade na que menos subiu.

O índice que presenta a variación acumulada no último cuatrienio reflite que nese período a suba galega foi inferior en 2,1 puntos á media española (abríndose a diferenza en 0,9 puntos porcentuais respecto do ano anterior).

Custo laboral. Por comunidades autónomas. 2004 ⁽¹⁾

■ Cadro 1.33

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
Andalucía	1.990,17	124,0	2,1	14,58	128,3	4,4
Aragón	2.135,42	123,4	1,5	15,90	125,9	4,5
Asturias	2.165,56	123,3	2,7	16,25	125,6	4,4
Baleares	2.088,52	133,3	6,3	15,33	141,7	10,3
Canarias	1.801,25	119,7	4,8	12,88	122,2	5,6
Cantabria	2.036,82	123,0	4,4	15,12	127,7	7,4
Castela A Mancha	1.912,08	125,4	4,6	13,65	128,9	6,9
Castela e León	2.028,51	121,9	3,4	15,12	126,4	4,2
Cataluña	2.344,29	127,3	3,7	17,49	130,7	7,8
Com. Valenciana	1.936,59	122,1	1,0	13,96	123,6	3,3
Extremadura	1.783,04	123,5	2,7	13,35	129,9	4,9
Galicia	1.867,26	121,8	1,9	13,68	127,4	4,8
Madrid	2.555,33	122,8	2,6	18,32	125,4	7,4
Murcia	1.885,65	129,8	5,6	13,87	131,6	9,0
Navarra	2.479,26	128,1	4,2	19,00	133,7	7,8
País Vasco	2.495,53	121,4	1,5	19,02	123,7	4,8
A Rioxa	2.000,55	120,5	1,2	14,65	123,9	3,8
España	2.177,50	123,9	2,7	15,97	127,1	5,8

(1) 4º trimestre

(2) Base ano 2000

(3) Variación sobre porcentaxe mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

■ O custo laboral por hora efectiva de traballo tamén subiu menos en Galicia que en España (un punto de diferenza) ao igual que ocorrera en 2003 (daquela cunha diferenza de 0,8 puntos); houbo seis comunidades cun incremento inferior ao galego. O índice constata que no período 2000–2004 este custo subiu tres décimas máis en Galicia que no promedio estatal.

O custo salarial (por mes e por hora efectiva de traballo) figura para as distintas comunidades no cadro 1.34. Ambos os dous subiron en 2004 ao redor dun punto menos en Galicia que en España e quedan notablemente por baixo da media estatal na nosa comunidade.

Custo salarial. Por comunidades autónomas. 2004 ⁽¹⁾

■ Cadro 1.34

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
Andalucía	1.464,10	121,1	0,8	10,73	125,5	3,2
Aragón	1.614,46	124,8	1,4	12,02	127,3	4,3
Asturias	1.601,60	122,9	2,6	12,02	125,2	4,2
Baleares	1.563,97	132,8	6,2	11,48	141,2	10,2
Canarias	1.326,07	117,1	3,6	9,48	119,4	4,3
Cantabria	1.500,07	121,8	3,5	11,13	126,3	6,4
Castela A Mancha	1.410,73	123,8	2,9	10,07	127,1	5,1
Castela e León	1.522,62	123,1	3,7	11,35	127,7	4,6
Cataluña	1.797,25	128,7	3,9	13,41	132,2	8,0
Com. Valenciana	1.442,64	122,3	1,1	10,40	123,8	3,5
Extremadura	1.322,83	122,1	2,1	9,90	128,2	4,2
Galicia	1.391,20	120,9	1,7	10,19	126,4	4,6
Madrid	1.954,34	122,5	3,1	14,01	125,1	7,9
Murcia	1.401,35	130,2	5,1	10,31	132,0	8,5
Navarra	1.894,46	130,6	4,2	14,52	136,3	7,8
País Vasco	1.898,94	122,6	2,0	14,48	124,9	5,4
A Ríoxa	1.505,77	121,4	1,6	11,03	124,9	4,2
España	1.641,14	123,7	2,6	12,04	127,1	5,7

(1) Datos do 4º trimestre

(2) Base ano 2000

(3) Variación sobre porcentaxe mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

Para que o custo salarial de Galicia se igualase ao estatal compriría unha suba dun 17,9%. Incluso tendo en conta que temos un índice de prezos inferior ao español (ao redor do 96%) a maior diferenza salarial coa media estatal –en comparanza co diferencial dos prezos– explicita que o poder adquisitivo dos asalariados galegos queda moi por baixo do español (de xeito que o nivel salarial dos galegos debería aumentar un 13% para igualar o poder adquisitivo medio estatal).

Outra fonte estatística (a Axencia Tributaria) serve para explicitar a forte diferenza salarial entre homes e mulleres en Galicia, pois cuantifica nun 73,2% o salario feminino en relación co masculino.

No tocante á comparanza con outros estados da Unión Europea, a *Enquisa de Custo Laboral* realízase cuadrienalmente co obxectivo de estimar o custo do factor traballo nos distintos estados da UE. Nos datos presentados por Eurostat no ano 2003 com-

probábase que España era un dos estados con menor custo laboral da UE–15 (cun 62,64% da media), só por diante de Grecia e Portugal. En cambio, na comparanza do dato español coa media dos 10 estados que entraron na UE en 2004, o custo laboral español triplicábase (e mesmo o quintuplicaba nalgún caso, coma Lituania e Letonia).

Cómpre non esquecer ao estudar o custo laboral que este é unha media estatística do que cobran os asalariados, pero que un dos importantes condicionantes dos ingresos de moitos fogares é o importe do **salario mínimo interprofesional**. O español está entre os máis baixos da UE–15 (só por diante de Portugal e Grecia) e non chega á metade do de Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda ou Luxemburgo; a diferenza de prezos con eses cinco estados non se achega –nin moito menos– ao diferencial dos salarios mínimos, polo que o poder adquisitivo do noso SMI queda moi por baixo do deses países: un estudo de Eurostat sinala que, tendo en conta a compra dun mesmo grupo de produtos, os españois deben desembolsar máis do 20% do SMI (o dobre que na media da UE–15) e só Portugal debe desembolsar unha porcentaxe maior do SMI na compra desa “cesta de produtos”.

A comparanza da evolución do salario mínimo interprofesional e do índice de prezos ao consumo en Galicia no último quinquenio reflite que só en 2004 a suba do SMI foi maior que a da inflación. Sen dúbidas, a suba por riba do IPC deste ano e a prevista para os seguintes comezará a cambiar algo a situación.

No relativo ao *SMI por hora efectiva traballada* en distintos estados da Unión Europea, nun Informe Sociolaboral anterior xa presentamos os datos que refliten que o noso non chega á terceira parte da media da UE–15 (32%), porcentaxe moi alonxada da que supón o PIB por habitante corrixido polo poder de compra en Galicia (máis do dobre desa porcentaxe) ou España (case o triplo).

No capítulo 7 deste Informe figura a suba salarial establecida na negociación colectiva en Galicia e no conxunto estatal nos últimos anos; consideramos que a súa visión pode ser interesante para complementar o analizado neste apartado.

1.6.3. Gasto medio por persoa

Se ben os salarios –estudados no epígrafe anterior– son a fonte principal de renda dos fogares (polo que o seu nivel é un condicionante importante do consumo ou aforro que van realizar as persoas que residen neles), teñen tamén a súa importancia relativa outras fontes de renda (como as do capital, as rendas mixtas ou as prestacións sociais). Coa análise do gasto medio por persoa nas distintas comunidades autónomas rematamos este primeiro capítulo.

No Informe Sociolaboral do pasado ano atoparán as persoas interesadas datos sobre o consumo e sobre as *condicións de vida das familias galegas* (obtidas de enquisas do IGE referidas ao ano 2003); nesta última sobranceaba que un 9,67% dos fogares galegos se atopaban por baixo do limiar da pobreza.

A *Enquisa continua de orzamentos familiares* (do INE) vai recollendo trimestralmente a evolución do gasto medio por persoa nas diferentes comunidades autónomas. No cadro I.35 compróbase que no último trimestre de 2004:

Gasto medio por persoa ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2004■ **Cadro 1.35**

	Total gasto	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto
Andalucía	1.734,76	365,02	1.369,73
Aragón	2.059,41	449,75	1.609,66
Asturias	2.046,11	420,33	1.625,78
Baleares	2.256,48	404,35	1.852,13
Canarias	1.870,93	367,27	1.503,66
Cantabria	2.059,54	479,27	1.580,27
Castela e León	1.931,72	427,32	1.504,40
Castela A Mancha	1.728,42	416,65	1.311,78
Cataluña	2.148,47	449,76	1.698,71
Com. Valenciana	1.991,12	409,06	1.582,06
Extremadura	1.346,94	358,44	988,50
Galicia	1.809,27	482,54	1.326,73
Madrid	2.440,51	437,32	2.003,19
Murcia	1.734,58	407,41	1.327,17
Navarra	2.120,52	355,91	1.764,61
País Vasco	2.204,90	476,44	1.728,46
A Ríoxa	1.996,40	418,05	1.578,35
Ceuta e Melilla	1.738,74	380,04	1.358,70
España	1.997,06	419,06	1.577,99

(1) Datos do 4º trimestre. En euros
 Fonte: INE. "Encuesta Continua de Presupuestos Familiares"

O gasto medio por persoa galega supón un 90,6% do promedio estatal (o pasado ano era un 96,2%). Galicia ocupa a duodécima posición nesa clasificación, despois de crecer só un 1,5% no último ano (menos que a inflación e a quinta parte da suba media estatal: 7,9%).

No apartado de "*alimentos, bebidas e tabaco*" o gasto medio galego (cun 115,2%) está bastante por riba do estatal mentres que está moi por baixo no *resto do gasto* (84,1%).

Madrid e Baleares son as comunidades de maior gasto medio por persoa mentres que Extremadura e Castela–A Mancha son as que pechan a clasificación.

A evolución do último cuatrienio do gasto medio por persoa en Galicia e España pode facerse ao fío do cadro 1.36, que permite a análise desagregada nos dezaseis últimos trimestres para cada un dos ámbitos territoriais. Sobrancearemos:

- Que no período estudado a suba acumulada galega (18,5%) quedou por baixo da estatal (19,2%).
- O continuo e forte descenso da taxa de variación interanual de gasto galego ao longo do ano 2004: partindo dunha suba porcentual algo maior que a de España no primeiro trimestre pasou a crecer tan só a quinta parte ao rematar o ano.

Gasto medio por persoa ⁽¹⁾. Galicia e España. 2001-2004
■ Cadro 1.36

	Galicia	TVI (%) ⁽¹⁾	España	TVI (%) ⁽¹⁾
2001				
1º trimestre	1.527	7,0	1.675	10,2
2º trimestre	1.489	4,3	1.643	8,7
3º trimestre	1.496	-2,0	1.666	7,2
4º trimestre	1.609	4,9	1.773	7,7
2002				
1º trimestre	1.545	1,2	1.754	4,7
2º trimestre	1.567	5,3	1.717	4,5
3º trimestre	1.610	7,7	1.746	4,8
4º trimestre	1.697	5,5	1.807	1,9
2003				
1º trimestre	1.667	7,9	1.796	2,4
2º trimestre	1.631	4,1	1.794	4,5
3º trimestre	1.681	4,4	1.855	6,2
4º trimestre	1.783	5,0	1.851	2,5
2004				
1º trimestre	1.780	6,8	1.909	6,3
2º trimestre	1.673	2,6	1.904	6,2
3º trimestre	1.716	2,0	1.968	6,1
4º trimestre	1.809	1,5	1.997	7,9

(1) Taxa de variación interanual

Fonte: INE. Encuesta Continua de Presupuestos Familiares